




María Barbeito: innovación e resistencia



Unidade didáctica para alumnado de ensino medio

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	PÁX 2.
OBXECTIVOS XERAIS.....	PÁX 2.
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	PÁX 2.
SOBRE A METODOLOXÍA.....	PÁX.3.
BLOQUE 1. REGRESO AO PASADO. UN EXERCICIO DE MEMORIA HISTÓRICA.....	PÁX 5.
BOQUE 2. NOVEMBRO DE 1970. O LEGADO INMORTAL DE MARIA BARBEITO.....	PÁX. 14.
BOQUE 3. A BONECA. A "ESCOLA FEMININA"DO FRANQUISMO.....	PÁX.33.
BLOQUE 4. LINGUA VERNÁCULA. A LONGA NOITE DE PEDRA.....	PÁX.57.
BLOQUE 5. AS MESTRAS REPUBLICANAS.....	PÁX.70.

INTRODUCCIÓN

Imaxinemos por un momento que regresamos ao pasado... así comeza a peza teatral “As alumnas”. Así o imos a facer, porque resulta preciso saber de onde vimos, cal é camiño percorrido para poder percorrer outros, camiños marcados pola reivindicación da igualdade de oportunidades e dereitos das mulleres, e polo seu acceso maioritario á vida profesional e pública. Resulta difícil entender a nosa sociedade actual sen ter coñecemento de períodos anteriores, que nos permitan comprender que os dereitos cos que a día de hoxe contamos, son froito do traballo e loita de outras, silenciadas e invisibilizadas pola historia. Por este motivo, nas próximas páxinas faremos un pequeno percorrido histórico con perspectiva de xénero. Este proxecto, premiado nos premios Luisa Villalta da Deputación da Coruña, pretende afondar tanto no coñecemento da figura de María Barbeito, como facer un exercicio de reapropiación da realidade colectiva e individual que se opoña ao relato hexemónico para reconstruír a memoria e espazos imaxinarios da nosa comunidade.

OBXECTIVOS XERAIS

- A loita pola igualdade.
- A visibilización social, política e cultural das mulleres.
- Sensibilización, concienciación e intervención para reflexionar e corrixir as situacións sociais de desigualdade.
- Presentar argumentos sólidos e ben fundamentados que axuden a combater a discriminación estrutural que sofre a muller.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Por en valor, nun exercicio de xustiza e memoria histórica, o traballo das mulleres galegas e do estado, coñecendo as aportacións que realizaron na loita pola consecución da igualdade real.
- Recuperar a memoria das mestras da II República, figuras como María Barbeito que promoveron a renovación do ensino.
- Promover o interese do alumnado no coñecemento da nosa historia e descubrir o profundo retroceso que supuxo para a sociedade, e especialmente para as mulleres, o golpe de estado de 1936 e a posterior ditadura franquista.
- Dar a coñecer a censura que sufriu a lingua galega durante o franquismo, tanto a nivel social, como cultural e educativo.



A unidade didáctica María Barbeito: Innovación e resistencia, presenta un enfoque funcional e unha organización flexible, que permite ao profesorado decidir cando e que ensinar, así como nocións que permitan afondar en cada un dos bloques temáticos propostos.

Cada un deles, presentará uns contidos diferenciados que gardarán estreita relación coas escenas que conforman a representación teatral "As alumnas", e que estarán dirixidos a reflexionar e corrixir as situacións sociais de desigualdade mediante o ofrecemento de argumentos que axuden a combater a discriminación estrutural que sofre a muller polo simple feito de selo.

Esta unidade componse de 5 bloques:

- 1.Regreso ao pasado. Un exercicio de memoria histórica
- 2.Novembro de 1970.O legado inmortal de María Barbeito.
- 3.A Boneca. A "escola feminina" do franquismo.
- 4.Lingua Vernácula. A longa noite de pedra.
5. As mestras republicanas.

Cada un deles a súa vez estruturase internamente tal e como se detalla a continuación:

- 1.Presentación de contidos, mediante os cales se tratarán cada unha das temáticas. Para un maior afondamento e comprensión dos mesmos, achegaranse en algúns casos materiais audiovisuais aos que se poderá acceder mediante o escaneo do código QR correspondente.
- 2.Proposta de actividade a executar: que inclúe unha pequena orientación relacionada cos contidos, obxectivos, duración estimada, materiais, orientacións metodolóxicas e proposta para a valoración da actividade executada, que se basará no diálogo en gran grupo a través do establecemento de preguntas específicas que aparecen indicadas en cada caso. Cada actividade contará tamén, de ser preciso, cos materiais de apoio para o alumnado e persoal docente coa finalidade de asegurar o seu correcto desenvolvemento da mesma.

A maioría das actividades propostas permiten traballar simultaneamente contidos non só procedimentais, senón tamén de carácter actitudinal e conceptual.

O profesorado asumirá funcións de guía e de facilitación, mentres que se fomentará que o alumnado ocupe un papel activo na construción do seu coñecemento, mediante a súa reflexión e o debate co grupo de iguais, que será a metodoloxía empregada para ir acadando unha aprendizaxe significativa, ao tempo que resulta máis motivadora para o propio alumnado.

Por outra banda, combínanse diversidade de agrupamentos e metodoloxías de traballo para facilitar a comprensión e o tratamento dos contidos, así algunhas propostas de traballo, serán de carácter individual, por parellas, en pequenos grupos e en gran grupo... Recomendase a realización de agrupamentos de carácter mixto que fomenten a participación equitativa de todos os membros do mesmo.

Promoveranse debates, traballos de investigación, exposición, ...adaptados ao público destinatario, presentando sempre un carácter dinámico e buscando a promoción e estímulo da participación e o fomento do diálogo.

Como recomendación, e dado o carácter flexible dos materiais postos a disposición do alumnado, aspecto que favorece unha mellor adaptación da metodoloxía e tempo de traballo, consideramos que en cada unha das sesións se deberían contemplar cando menos 3 momentos:

1. Presentación da actividade e dos obxectivos.
2. Profundización nos contidos, favorecendo sempre a creación de espazos de debate e reflexión.
3. Peche da actividade e valoración da mesma.

BLOQUE 1:

REGRESO AO PASADO. UN EXERCICIO DE MEMORIA HISTÓRICA



” AS MULLERES QUE NALGÚN MOMENTO ROZARON A LIBERDADE COA PUNTA DOS DEDOS”



CONTIDOS TEÓRICOS

Comezaremos este percorrido no ano 1920 e os cortos pero frutíferos anos da Segunda República, nos que a muller foi ocupando espazos e acadando dereitos como o sufraxio universal. En unidades posteriores analizaremos tamén polo miúdo como coa chegada da ditadura se produce un retroceso e a volta á orde patriarcal, caracterizado polo control da vida da muller a través das políticas reprodutivas, educación e traballo, control exercido dende o ámbito lexislativo.

Ata a proclamación da II República, as mulleres españolas ocuparon un papel pasivo, centrado no eido privado. O seu lugar na sociedade era o de esposa e nai, dependente sempre do home (pai ou marido). Deste xeito, os prototipos de xénero que prevalecían nas primeiras décadas do século XX presentaban unha fonda diferenciación entre os sexos. O culto á muller ideal, cuxa única vía de autorrealización e xustificación social era a maternidade e o coidado do fogar, quedou reforzado pola atribución dunha serie de características asignadas a cada sexo. Así, mantíñase que a razón, a lóxica e a capacidade intelectual eran calidades do home traballador e cidadán, mentres os sentimentos, a afectividade, a dozura e a abnegación eran característicos das mulleres, relegadas ao fogar. Evidentemente este modelo de xénero foi moi eficaz para reforzar a idea de que a muller estaba dotada de forma natural para dedicarse por completo ao esposo e á familia. No home, en cambio, a súa suposta natureza implicaba a asignación dos espazos do traballo, a política e a cultura.



Concepción Arenal
La mujer del porvenir (portada)
Madrid, Victoriano Suárez, 1916
Biblioteca Nacional de España, Madrid



Tanto o Código Civil como Penal reflectían e reforzaban esta clara diferenciación entre os sexos, e colocaban á muller nunha clara situación de subordinación, que resultaba máis marcada se cabe, na muller casada. Así, o Código Civil de 1889 indicaba que a muller debía obedecer ao marido quen ademais era administrador dos bens (incluíndo a disposición do salario desta) e representante da esposa, que precisaría da súa expresa autorización para participar en actos públicos como xuízos, compra e venda ou calquera tipo de contrato (Arts.58-62). Calquera actividade económica dependía totalmente do marido que ademais podía rebocar o seu consentimento cando o estimase oportuno.

Existía así mesmo, unha dobre moral afianzada pola legalidade da época como se demostra polo tratamento diferencial favorable aos homes nos casos de crimes pasionais e do adulterio. Ou control paterno era tal que as nais casadas non tiñan a patria potestade sobre a súa descendencia..

Debíanse á obediencia autoridade marital e os simples insultos verbais eran un motivo suficiente para encarcerar a unha muller, mentres que ou home só era castigado maltratábase á súa esposa (Código penal, Art. 603). Contemplábase incluso que os pais e maridos puidesen “limpar a súa honra con sangue” en caso de adulterio da muller.



O día 1 de abril de 1931 dará inicio a II República en substitución da monarquía de Alfonso XIII. Aínda que se tratou dun período breve, xa que o 1 de abril de 1939 co fin da Guerra Civil deuse paso á ditadura franquista, trouxo consigo moitos cambios.

Tal e como se recolle na redacción da Constitución do 1931, declarase o Estado como laico eliminando así o protagonismo político que a igrexa católica viñera exercendo até o momento. Neste mesmo documento no seu artigo 36 recoñecese o dereito ao voto para as mulleres: *«Os cidadáns dun e outro sexo, maiores de 23 anos, terán os mesmos dereitos electorais conforme ditaminen as leis»*. Tras un debate intenso e longo, o artigo foi aprobado pola asemblea constituínte. Clara Campoamor, deputada polo Partido Radical, foi a principal e defensora do sufraxio feminino no hemiciclo, defendendo que o espírito democrático da Segunda República non podía permitirse negar o voto ás mulleres. Con todo, os partidos progresistas foron contrarios ao sufraxio feminino por medo á influencia reaccionaria da Igrexa católica sobre as mulleres e a sumisión ao marido, aspecto que podía por en perigo a propia República e a súa acción reformista. Esta posición materializou na figura das feministas socialista Margarita Nelken (1898-1968) e a radical socialista Vitoria Kent (1897-1987), electas como deputadas ás Cortes constituíntes de 1931, que rexeitarán a concesión do sufraxio feminino considerando que as mulleres aínda non estaban preparadas.

A concesión do sufraxio e a reforma dos dereitos civís, laborais e educativos durante a Segunda República aseguraron o progreso político e social das mulleres e, con elas, da sociedade.



“Resolvede o que queirades, pero afrontando a responsabilidade de dar entrada a esa metade de xénero humano en política, para que a política sexa cousa de dous, porque só hai unha cousa que fai un sexo só: dar a luz; as demais facémolas todos en común, e non podedes vir aquí vós a legislar, a votar impostos, a ditar deberes, a legislar sobre a raza humana, sobre a muller e sobre o fillo, illados, fóra de nós”.

Ano 1935 Clara Campoamor escribía estas palabras no *"voto feminino e eu: o meu pecado mortal"*, unha obra na que expoñía a loita polo dereito de voto das mulleres.

As novas leis republicanas fomentaron a incorporación da muller na sociedade, para deixar de ocupar un papel pasivo e ter voz propia para dirixir o seu propio destino sen ter que contar coa aprobación do home.

Remataba así coa exclusión das mulleres da cidadanía civil e política consagrada nas constitucións anteriores (de 1812 a 1876) e na lexislación, especialmente nos códigos civil, mercantil e penal.

Ademais do dereito ao voto e a ser electas, producíronse outros cambios non menos importantes, como:

- Despenalización do adulterio: aplicado ata entón unicamente ás mulleres.
- Regulamentación do traballo feminino, que permitía a incorporación aos postos de traballo segundo mérito e capacidade sen distinción de sexos, regulación por primeira vez do período de lactación, tempo de baixa por maternidade, contar con contratos sen cláusulas de despedido despois do casamento entre outras medidas.
- Modificacións igualitarias na ordeación familiar e a sexualidade, mediante a aprobación da lei de dereito ao divorcio en 1932, compartir os bens do matrimonio e a patria potestade da descendencia, a despenalización e legalización do aborto.
- Profunda transformación do sistema educativo que melloraría sustancialmente a educación das nenas e o seu acceso á escolarización . Promoción dunha escola pública, laica, gratuíta, coeducativa e bilingüe, estruturada por niveis e que promovía a formación académica do profesorado. Foi moi notable o traballo que se realizou en pos da alfabetización da sociedade a través das misións pedagóxicas, labor que estivo de maneira importante representada polas mestras republicanas.



ACTIVIDADE 1.

ORIENTACIÓN DA ACTIVIDADE

O dereito ao voto que hoxe en día parece algo evidente e cotiá, non o era tanto fai uns anos. Tal e como se indicou nos contidos teóricos presentados anteriormente, o día 1 de outubro de 1931 nas Cortes Xerais do Estado, aprobouse o dereito ao voto feminino. Agora ben, non en todos os países se acadou este dereito ao mesmo tempo, polo que a continuación vos realizamos esta proposta para a investigación e o debate.

OBXECTIVOS



- Afondar na importancia que ten a consecución do dereito ao voto para garantir a igualdade e non discriminación ante a lei e a práctica do dereito.
- Coñecer, reflexionar e tomar conciencia das desigualdades de xénero existentes no mundo.

DURACIÓN : 1 hora

MATERIAIS

- Acceso a internet
- Un Mapa do mundo

PROCEDEMENTO

- Traballo en pequeno grupo
- Posta en común


ORIENTACIÓN METODOLÓXICA

1. Presentación da actividade.
2. Comezaremos o traballo en grande grupo. O persoal docente solicitará ao alumnado que indique un total de 15 países que estimen foron os primeiros en acadar o sufraxio universal. As respostas serán anotadas en un lugar visible.
3. É o momento de colocarse por parellas e investigar. Cada grupo contará cun mapa do mundo, e deberá indicar nel as datas nas que as mulleres obtiveron o dereito ao voto en cada país.
4. Posta en común dos resultados obtidos e contraste cos anotados ao inicio da actividade.
5. Peche e valoración. Coa finalidade de estimular o debate e valorar a consecución dos obxectivos establecidos o persoal docente formulará as seguintes cuestións ao alumnado:
 - Algúnha das datas chamou especialmente a vosa atención?
 - Sabíades que hai países nos que as mulleres fai menos de 20 anos que teñen dereito ao voto?
 - Porque considerades que se denega este dereito fundamental ás mulleres ?



MATERIAL DE APOIO PARA O PROFESORADO





BLOQUE 2:

NOVEMBRO 1970: O LEGADO INMORTAL DE MARIA BARBEITO



«Sed fuertes, sed serenas, sed generosas; no combatáis al enemigo, contentaos con ejemplarizarle; no le cedáis un solo palmo de terreno, pero no le causéis un solo dolor inútil».

(A Muller, antes, agora e despois. 1934)

CONTIDOS TEÓRICOS

María Barbeito Cerviño foi unha das figuras femininas máis destacadas en Galicia durante o primeiro terzo do século XX. Mestra, pedagoga, tradutora e escritora. Defensora da escola pública única, da coeducación de ambos sexos e dos dereitos da muller ao igual que da lingua galega, introduciu en Galicia o método Montessori. Seguidora da escola activa de Decroly e da filosofía da Institución Libre de Ensino, deixou tras de sí un importante legado.

Nada o 2 de marzo de 1880 na Coruña, mesma cidade na que finaría o 20 de novembro de 1970 con 90 anos. Medrou nun ambiente familiar culto e liberal.

Cursou a carreira de Maxisterio obtendo o título de Mestra Superior aos 16 anos. Número un nas oposicións en 1901, comezou a súa vida laboral como mestra de ensino infantil, elixindo como destino a Escola Nacional da Garda, centro que dirixiu desde 1915 a 1936. Naquela escola puxo en marcha numerosas iniciativas de carácter pedagóxico, alcanzando un grande prestixio polos seus métodos renovadores. Profesional e humana, concedía grande importancia ás relacións persoais convertendo o diálogo, a cordialidade, o compañeirismo, ou o respecto en piares fundamentais do seu traballo na comunidade educativa. Segundo afirmou, "a escola nova baséase no respecto, no dereito de xentes, na fraternidade, na igualdade".



Escola da Garda. Fonte: Álbum de Galicia. Consello da Cultura Galega.



Roupeiro escolar. Escola da Garda. (1932). Fonte: Albúm de Galicia. Consello da Cultura Galega.

Da súa persoa destacou de xeito importante o seu sentido de xustiza social, aspecto que se plasmou na súa labor mediante a fundación de institucións asistenciais como O neno descalzo ou o Comedor e roupeiro Da Garda. Tamén foi participante activa na dirección das Colonias Escolares para Nenos e Nenas Pretuberculosos, Cantinas Escolares Concepción Arenal, Xunta de protección da infancia, Pinga de leite, Casa Berce e o Tribunal Tutelar de Menores. Colocou especialmente o foco de atención na relación existente entre a saúde física e mental dos cativos e cativas, concedendo especial atención ás súas necesidades básicas (alimento e abrigo, defensa, traballo solidario, descanso e xogo). Foi defensora do seu benestar social baixo a firme convicción de que a mellora das condición de vida beneficiarían o seu desenvolvemento mental. Estes pensamentos, difundíunos en diversos textos escritos, conferencias e mediante a impartición de cursos... sempre baixo a premisa da grande importancia que posuía o intercambio de ideas e a colaboración con outros e outras profesionais, coa finalidade de romper o illamento que impedía unha eficaz difusión das novas ideas educativas.

Continuando con esta labor, en 1912 promove "La fiesta de la flor", inspirada noutras similares celebradas en países de Centro Europa, como Alemaña e Polonia. Consistía na venda, durante un día do mes de agosto, dunha flor por parte de mulleres de entre as de posición máis acomodada da cidade. A recadación desta destinábase na súa totalidade a incrementar os fondos "da "Gota de leche".



Colecta na "Festa da flor" Fonte: arquivosdegalicia.xunta.gal. Fotografía cedida por Beatriz Martínez Barbeito

En 1933 accede por concurso ao Corpo de Inspectores-mestres. Dende este posto, que supoñía a coordinación de 37 escolas da área de influencia da Coruña, e que compatibilizará coa dirección da Escola da Garda, potenciará os contactos con mestres e mestras, ata conseguir deste modo unha eficaz difusión das súas ideas de elevación da calidade xeral da ensinanza. Na consecución deste obxectivo, xoga un importante papel a posta en marcha dunha Biblioteca de Consulta para o persoal docente e un Centro de Colaboración no que materializaba un espazo de intercambio de ideas . Durante este tempo , tamén puxo en marcha un Plan de Lectura Global (1934) para as escolas. En 1935 obtivo unha bolsa da Xunta de Ampliación e emprendeu unha viaxe por Europa, da que parte "*Países e escolas*" (1975) coa finalidade de trasladar ao profesorado da cidade da Coruña novos conceptos e metodoloxías de traballo.



REGLAMENTO DE LA BIBLIOTECA DE CONSULTA PARA MAESTROS
DE LA ZONA DE LA INSPECTORA-MAESTRA.

Se constituye en La Coruña la Biblioteca de Consulta para Maestros. Esta Biblioteca se sostendrá por suscripción voluntaria de los beneficiarios, con cuota de dos pesetas mensuales.

Con donaciones de libros.

Con subvenciones oficiales.

La adquisición de libros o revistas se hará mediante petición de cada asociado, asignando turno para atenderlas, salvo cuando coincidiesen varios en una misma petición, lo que determinará preferencia.

Los suscriptores tendrán derecho a retirar de la Biblioteca las obras que precisen mediante papeleta que cubrirán y firmarán, pudiendo retenerlas en su poder por tiempo que no exceda de un mes.

El número máximo de volúmenes que esté a la vez en manos de un asociado no puede exceder de tres.

Cada mes se participarán a los señores asociados los títulos de las obras adquiridas, para que puedan ir formando su índice individual.

Funcionará la Biblioteca en el local de la Escuela Graduada de Niñas De Guarda, atendida por la señora Bibliotecaria de la Escuela.

Las horas de entrega y recogida de libros serán las mismas que las de la Biblioteca escolar que en el mismo edificio funciona y que son actualmente de 12 a 1 todos los días lectivos. En período de vacación larga se habilitarán los jueves para este servicio.

En el caso de que dejase de funcionar la Biblioteca en la forma establecida se repartirán sus existencias entre las escuelas cuyos Maestros fueran asociados en la fecha de la disolución.

Para dirigir la Institución habrá una Comisión constituida por los señores siguientes:

Presidenta: Doña María Barbeito y Cerviño

Secretaria: Doña Rosa Buján

Tesorera: Doña Julia Verdejo

Vocales: Don Lino Irigoyen y Abraham Cristos

Se constituyó esta Asociación a propuesta de la Inspectora-Maestra en reunión celebrada el día 16 de septiembre de 1.933 en la Escuela Graduada de Niñas De Guarda, siendo aprobado el Reglamento el día 18 del mismo mes y año.

La Coruña a 18 de septiembre de 1.933

Doña Rosa Buján
Doña María Barbeito y Cerviño
Doña Julia Verdejo
Don Lino Irigoyen
Abraham Cristos

No ano 1931, tamén constituiría a filial da cidade Coruña da Asociación Concepción Arenal para a protección e a rehabilitación do preso asumiu a súa presidencia.

Xunto á preocupación polo benestar e educación de cativos e cativas, e a súa labor social, tamén foi unha firme defensora dos dereitos das mulleres traballando pola súa emancipación social, cultural e profesional.

Xa no ano 1907, nunha conferencia no Ateneo, reivindicou o voto feminino. Salientables resultan tamén dous traballos que dedicou a esta temática " *A Muller, antes, agora e despois*", conferencia impresa en 1934 pronunciada na Agrupación Republicana Feminina da Coruña. Este ensaio de enorme interese, analiza a evolución da educación feminina e establece a capacidade das mulleres para o gozo de todos os dereitos sen distincións. Nesta mesma liña, tamén difundiu a obra da penalista ferrolá Concepción Arenal, á que dedicou o artigo "*O meu tributo*". Colaborou en numerosas revistas e xornais con artigos de contido pedagóxico e social: Revista Galega, Adiante, O Novo Maxisterio, Galicia, A Unión Escolar, O Maxisterio de Galicia, Marineda, Boletín do Dispensario Antituberculoso, Galicia, Revista do Centro Galego de Montevideo, Boletín da Real Academia Galega, La Voz de Galicia, O Rexional, A Idea Moderna, O Eco de Ourense, O Norte de Galicia, O Orzán, O Pobo Gallego, El Ideal Gallego.

Outra das súas inquedanzas foi o uso da lingua materna entre o alumnado e o profesorado, foi unha das primeiras expertas en defender o bilingüismo na escola galega. Foi membro correspondente da Real Academia Galega e formou parte da sección pedagóxica do instituto de Estudos Galegos.

Esta traxectoria viuse detida co golpe de estado de 1936. En xullo deste mesmo ano, comezaría o nomeado proceso de depuración do Maxisterio, que tiña como finalidade erradicar as ideoloxías, actuacións políticas ou actitudes relixiosas contrarias ás propias das instauradas polo réxime. Así, comezaba o preámbulo no Boletín Oficial da Xunta de Defensa Nacional de España na Orde de 19 de agosto de 1936, que daba inicio a primeira fase de depuración do maxisterio.

"La necesidad de demostrar al mundo la normalidad de la vida nacional en las regiones ocupadas por el Ejército Español, salvador de España, hace imprescindible que en todas las manifestaciones de la misma, sea un hecho el orden y funcionamiento de los organismos oficiales. Entre estos se halla la escuela de instrucción primaria que, como piedra fundamental del Estado, debe contribuir no solo a la formación del niño en el aspecto de cultura general, sino a la españolización de las juventudes del porvenir que, desgraciadamente, en los últimos años han sido frecuentemente orientadas en sentido inverso a las conveniencias nacionales".(BOJDNE, 9, 1936: 35-36)

En novembro de 1937, baixo os cargos de defender os dereitos da muller, estimular a coeducación na escola, reclamar unha escola única e libre de prexuízos clasistas e propugnar a educación laica entre outras liberdades básicas, María Barbeito foi retirada do servizo.

A continuación recollese o prego de Cargos contra María Barbeito formulados pola Comisión Depuradora, así como o Oficio da Delegación Militar de Instrución Pública da Coruña, con data 8 de agosto de 1936 na que se comunica a suspensión de emprego e soldo e o cese de María Barbeito como directora da Graduada da Garda, e en 1941 procedeuse a súa xubilación (forzosa).



Fonte: arquivosdeg Galicia.gal. María Barbeito con mestras e alumnas da Escola da Garda

**Prego de Cargos contra María Barbeito Formulados pola Comisión depuradora do
Maxisterio da Coruña.**

PLIEGO DE CARGOS que esta Comisión Depuradora formula contra Da Maria Barbeito Cerviño, Maestra Directora de la Graduada «Da Guarda», de esta Capital.

1o.- Ser de ideas politicas de avanzado izquierdismo republicano.

2o.- Ser decidida partidaria de la coeducación que defendió particular y publicamente en conferencias.

3o.- Haber actuado intensamente fuera de la escuela pronunciando conferencias en centros izquierdistas

como Agrupación Femenina Republicana afecta a Izquierda Republicana manteniendo sus doctrinas izquierdistas que sostuvo en conferencias radiadas.

4o.- Haber impreso alguna de sus conferencias que fueron repartidas en varias escuelas nacionales.

5o.- Prohibir que se enseñase a las niñas las grandes gestas bélicas de nuestra historia so pretexto de que provocaban el odio a otros países.

6o.- Descuidar la formación moral de las alumnas dedicando a la pura intrucción y a las obras del ropero y cantinas.

7o.- Ser decidida partidaria del Frente Popular y de tendencias ideológicas comunistoides aunque sin figurar adscrita oficialmente a ninguna organización de ese tipo fura de la Agrupación Femenina Republicana; pero defendiendo siempre las doctrinas de esas tendencias.

7o.- Descuidar la educación moral de las niñas a las que no daba fundamento sólido para resistir los impulsos primarios de la naturaleza. Por esto dichas niñas sostenian frecuentemente conversaciones obscenas.

8o.- Formar una biblioteca escolar con predominio de autores poco recomendables.

9o.- Invitar a personalidades izquierdistas a visitar la Escuela aprovechando la ocasión para ensalzar su valia ante las niñas presentandoles como benefactores de la humanidad dignos de admiración y gratitud.

10o.- Tener abandonada la disciplina escolar dando mas importancia a la labor de relumbrón que a la formación del carácter.

Para contestar, por escrito, a estos cargos se concede a Vd diez dias laborables a contar del siguiente

a aquel en que le haya sido entregado este oficio. A dicho pliego pude Vd unir la prueba documental que estime conveniente a su defensa, y remitir todo ello por correo o entregarlo personalmente en las oficinas de esta Comisión, Plaza de Galicia, 22 al 27, Inspección de 1a enseñanza.

Se Advierte a Vd que, si transcurriere el plazo antedicho sin que hubiese efectuado la entrega, ya en correos o en dichas oficinas, continuará la tramitación del expediente.

La Coruña 15 de febrero de 1937 Por la Comisión

El Secretario

Ramón Lamela Cernadas



Consejo Provincial de Primera Enseñanza de La Coruña

! VIVA ESPAÑA !

DELEGACION MILITAR DE INSTRUCCION PÚBLICA.

10 JUN 1936

8-9435

Por Orden del Excmo. Sr. Delegado de Orden Público de esta provincia, han sido suspendidos de empleo y sueldo, a partir de esta fecha, Don Vicente Moltó Gargori, Don Evaristo de Cuena González, Inspectores de 1ª Enseñanza, Don Francisco Martelo Molinos y Dña. María Barbeito Cerviño, Maestros de Maestros y de la Graduación de Guardia, de esta capital, respectivamente, cesando esta última en el cargo de Directora de dicha Graduación.

Lo que comunico a V.S. para su conocimiento y efectos.

Diga guarde a V.S. muchos años.

La Coruña 8 de Agosto de 1936.

El Delegado Militar,



[Firma manuscrita]

Sr. Jefe de la Sección Administrativa de 1ª Enseñanza de la provincia de La Coruña.

Fonte: Iglesias Salvado "Acotaciones a un expediente de depuración: el caso de María Barbeito Cerviño".



ión Administrativa de 1.º Enseñanza de la provincia de La Coruña

¡VIVA ESPAÑA!

Ilmo Sr:

En 28 de mayo ultimo se dijo a esa Superioridad lo que sigue:

"Per Orden ministerial de 8 del actual (B.O. del Estado del 24), se declara definitivamente revisado el expediente de Dña Maria Barbeito Cerviño, imponiendole como sanción la inhabilitación para el ejercicio de cargos directivos y de confianza en Instituciones Culturales y de Enseñanza y que se le instruya expediente para su jubilación. La situación actual de dicha Sra es la siguiente: Per Orden del Sr Delegado de Orden Publico, fecha 8 de agosto de 1936, se la declara suspensa, con caracter indefinido de empleo y sueldo. Posteriormente, per Orden del excelentísimo Sr Gobernador Civil de la provincia de 31 del mismo mes y año (B.O. del 2 de septiembre), se la sanciona con destitución y, por ultimo, aparece incluida en la relacion de suspensas de la Excmá Comision de Cultura y Enseñanza de la Junta Tecnica del Estado de 1 de abril de 1937. Su expediente de depuración como Maestra no ha sido todavía resuelto y, por consiguiente desde el 1.º de enero de 1940, con arreglo a lo dispuesto en la Orden Ministerial de 22 de noviembre de 1939, viene disfrutando la mitad del sueldo que tiene asignado. La Orden Ministerial de 1.º de febrero del corriente año (B.O. del 23), en su artº 4.º, dispone que " la sanción de instruir expediente administrativo de jubilación a un funcionario prevista en la Orden Ministerial de 19 de diciembre de 1939 (B.O. del 25), se le será aplicable a los funcionarios cuyos



Sección Administrativa de 1.ª Enseñanza de la provincia de La Coruña

¡VIVA ESPAÑA!

años de servicio y edad permita a la Dirección General de la Deuda, clasificarle dentro de los preceptos que el Estatuto de Clase Pasivas "La Sra. Barbeite Cerviño cuenta en el día de la fecha con 61 años de edad y 39 años, 10 meses y 18 días de servicio computados estos hasta el día de hoy e incluyendo el tiempo que lleva suspensa. No cuenta, por tanto, con la edad ni el tiempo reglamentario de servicio que exige el Estatuto de Clases pasivas, ya que debe completar los 40 años de servicios con un mes y diez días. Así mismo, no puede repenirse a la Sra. Barbeite, en su cargo de Directora Propietaria de la Graduada "Da Guarda" de esta capital, por que la Orden que declara revisado el expediente de dicha Maestra le inhabilita para el ejercicio de cargos directivos y de confianza. = Ruego, por tanto, a V.I. se digne aclarar a esta Sección Administrativa, lo que precede hacer con la Sra. Barbeite a fin de complimentar la Orden que se cita primeramente, si se da el cese en la percepción del medio sueldo y con que fecha y si se ha de repenir a la indicada Maestra y en donde".

Y habiéndose recibido de V.I. un telegrama de 7 del corriente en el que se dispone que se repenga en sus cargos a D.ª María Barbeite Cerviño previa presentación de la solicitud instando la jubilación.

Suplico a V. I. se digne manifestar si aún no reuniendo la citada Maestra las condiciones de edad y años de servicio que se exigen para ser jubilada como anteriormente queda dicho se repene a la Maestra de que se trata en sus cargos.

Dios

Afastada da súa actividade docente dedicarase ao traballo literario e a tradución do francés ata o 20 de novembro de 1970, data do seu pasamento.

ACTIVIDADE 1. MEMORIA HISTÓRICA

ORIENTACIÓN DA ACTIVIDADE

A traxectoria de María Barbeito deixa tras de si un gran legado. Moitas son as palabras que acompañaron a súa labor ,palabras cargadas de significado que perduraron co paso do tempo introducindo unha nova visión sobre a educación das mulleres as que se concedían novos dereitos. A través da presente actividade, imos realizar un achegamento a algúns conceptos básicos para traballar en torno á igualdade.

OBXECTIVOS



- Aportar ao alumnado a definición dos termos básicos relacionados coa igualdade e coas aportacións realizadas pola escola da II República.
- Facilitar o desenvolvemento dunha ollada crítica ante as situacións de desigualdade a través do coñecemento e debate en torno a conceptos clave para a aplicación e defensa da igualdade.

DURACIÓN : 1 hora


MATERIAIS

- Sopa de letras.
- Folla de definicións de termos (materiais para o alumnado).
- Conexión a internet .

PROCEDEMENTO

- Traballo en pequeno grupo.
- Posta en común e pequeno debate

ORIENTACIÓN METODOLÓXICA



1. Presentación e explicación da actividade a realizar.

2. A cada parella seralle facilitada unha sopa de letras e unha folla de definicións. Nun primeiro momento deberán buscar a palabra que se agocha detrás de cada unha delas. Unha vez identificadas, deberán localizalas na sopa de letras. Disporán de 30 minutos para a execución da actividade.

3. Peche e valoración. Coa finalidade de estimular o debate e valorar a consecución dos obxectivos establecidos, o persoal docente formulará as seguintes cuestións ao alumnado:

- Coñeciades a definición de todas as palabras?
- Hai algunha que vos chamase a atención?
- Hai algunha que vos resultase difícil de identificar?
- Axudouvos a actividade a clarificar, comprender, e/ou descubrir algún dos termos tratados?

MATERIAIS PARA O ALUMNADO



ACEPTAS O RETO?

Busca o termo co que se relaciona cada unha das definicións. Unha vez descuberto, deberás realizar a súa busca na sopa de letras. Sorte!

1. Sistema de organización social rexido por unhas relacións xerárquicas onde os homes teñen unha posición de superioridade respecto das mulleres en relación ao acceso e uso dos recursos existentes.
2. Ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas, sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e os homes.
3. Atribución de diferentes funcións sociais á mulleres e homes. Mulleres eido privado (fogar, crianza e coidado), e homes eido público(traballo remunerado e participación dos órganos de toma de decisións).
4. Visión do mundo onde o home é o centro e medida de todas as cousas.
5. Atribución de determinadas características a un e outro sexo, dando un maior valor a un sobre outro.
6. Igualdade reflectida nos textos legais onde queda constancia de que mulleres e homes teñen os mesmos dereitos.
7. Igualdade non só lexislativa senón que implica a concreción material, existir e vivir .
8. Imposibilidade de desenvolverse en algún aspecto, por exemplo xurídico, laboral, social ou económico.
9. Distinción, exclusión ou restrición baseada no sexo que teña por obxecto ou resultado menoscabar ou anular o recoñecemento, goce ou exercicio polas mulleres dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais nas esferas políticas, económicas, sociais, culturais e civil, ou en calquera outra esfera.
10. Aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder.

11. Proposta pedagóxica, que propón unha reformulación do modelo de transmisión do coñecementos e das ideas desde unha perspectiva de xénero nos espazos de socialización destinados á formación e ao aprendizaxe.

12. Movemento político, social, académico, económico e cultural, que busca crear conciencia e condicións para transformar as relacións sociais, lograr a igualdade entre as persoas, e eliminar calquera forma de discriminación ou violencia contra as mulleres.

13. Ideoloxía, comportamento ou actitude de quen defende a supremacía do macho e non acepta a igualdade de dereitos entre o home e a muller.

14. Sistema de goberno democrático no cal o xefe/a de estado é elixido/a polo pobo ou persoas representantes, para que governe por un período establecido de tempo.

15. Forma de goberno autoritario caracterizada pola concentración de todos os poderes nunha soa persoa ou nunha asemblea e pola perda de todos os dereitos e liberdades.

SOPA DE LETRAS

R	C	I	L	P	A	T	R	I	L	X	O	T	A	B	I	R	R
E	M	P	O	D	E	R	A	M	E	N	T	O	M	A	R	E	P
T	A	F	C	E	F	I	N	U	M	E	D	M	A	R	I	A	D
O	S	U	E	D	I	O	T	R	N	A	A	S	N	B	O	L	B
P	O	S	D	A	C	T	I	O	C	N	T	I	D	E	X	E	I
E	O	R	U	L	A	M	O	R	A	D	E	X	A	I	S	O	L
P	O	D	C	E	P	R	A	T	R	R	R	E	R	T	O	D	A
S	U	D	A	Z	U	I	N	U	T	O	A	S	L	O	M	E	F
N	M	I	N	O	R	E	D	E	D	M	O	C	R	A	C	I	E
A	L	I	N	T	P	O	R	O	D	A	L	I	O	D	A	T	O
Z	A	P	A	B	E	Z	O	C	E	L	T	P	F	E	M	I	M
N	T	P	S	V	A	R	C	E	D	U	C	I	O	S	A	M	S
O	I	A	B	L	R	E	E	Z	U	I	R	C	D	I	P	A	I
I	R	L	A	A	U	L	N	A	C	U	O	P	O	G	I	S	N
C	E	E	N	I	D	M	T	E	L	I	L	O	A	U	S	I	I
A	R	G	T	C	A	X	R	S	P	O	U	N	M	A	T	L	M
N	T	E	M	U	T	I	I	T	R	I	P	I	I	L	E	T	E
I	G	Z	O	N	I	O	S	E	N	S	C	S	Z	D	M	I	F
M	O	L	N	E	D	U	M	O	S	T	E	N	X	A	D	I	O
I	E	S	T	E	R	E	O	T	I	P	O	E	D	D	O	M	L
R	A	L	I	D	R	A	L	D	I	T	A	D	E	E	S	T	O
C	E	I	X	R	E	P	U	B	L	I	C	A	I	I	U	E	R
S	S	V	R	U	P	E	S	T	O	C	A	T	H	C	O	N	S
I	T	A	E	S	T	E	R	E	O	L	S	C	O	P	A	E	R
D	A	R	G	G	O	F	I	A	R	A	A	T	R	A	P	S	A
A	C	A	C	O	R	U	Ñ	T	I	M	O	M	A	E	P	U	R
M	I	M	A	N	U	A	R	A	M	R	E	P	U	B	L	I	O
I	N	O	I	C	A	C	U	D	E	O	C	A	S	T	U	R	S
Z	A	M	O	D	I	T	A	D	U	F	F	E	M	I	N	I	S

MATERIAL PARA O PERSOAL DOCENTE

- Sistema de organización social rexido por unhas relacións xerárquicas onde os homes teñen unha posición de superioridade respecto das mulleres en relación ao acceso e uso dos recursos existentes. **(PATRIARCADO)**
- Ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas, sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e os homes (**ESTEREOTIPO**).
- Atribución de diferentes funcións sociais á mulleres e homes. Mulleres eido privado (fogar, crianza e coidado), e homes eido público(traballo remunerado e participación dos órganos de toma de decisións). **(ROL)**
- visión do mundo onde o home é o centro e medida de todas as cousas. **(ANDROCENTRISMO)**.
- Atribución de determinadas características a un e outro sexo, dando un maior valor a un sobre outro. **(SEXISMO)**.
- Dise da igualdade reflectida nos textos legais onde queda constancia de que mulleres e homes teñen os mesmos dereitos. (**FORMAL**).
- Dise da Igualdade non só lexislativa senón que implica a concreción material, existir e vivir . (**REAL**)
- Imposibilidade de desenvolverse en algún aspecto, por exemplo xurídico, laboral, social ou económico. **(DESIGUALDADE)**.
- Distinción, exclusión ou restrición baseada no sexo que teña por obxecto ou resultado menoscabar ou anular o recoñecemento, goce ou exercicio polas mulleres dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais nas esferas políticas, económicas, sociais, culturais e civil, ou en calquera outra esfera. **(DISCRIMINACIÓN)**.
- Aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder. **(EMPODERAMENTO)**
- Proposta pedagóxica, que propón unha reformulación do modelo de transmisión do coñecementos e das ideas desde unha perspectiva de xénero nos espazos de socialización destinados á formación e ao aprendizaxe.**(COEDUCACIÓN)**
- Movemento político, social, académico, económico e cultural, que busca crear conciencia e condicións para transformar as relacións sociais, lograr a igualdade entre as persoas, e eliminar calquera forma de discriminación ou violencia contra as mulleres. **(FEMINISMO)**

- Ideoloxía, comportamento ou actitude de quen defende a supremacía do macho e non acepta a igualdade de dereitos entre o home e a muller. **(MACHISMO)**
- Sistema de goberno democrático no cal o xefe/a de estado é elixido/a polo pobo ou persoas representantes, para que goberne por un período establecido de tempo. **(REPÚBLICA)**
- Forma de goberno autoritario caracterizada pola concentración de todos os poderes nunha soa persoa ou nunha asemblea e pola perda de todos os dereitos e liberdades. **(DITADURA)**

R	C	I	L	P	A	T	R	I	L	X	O	T	A	B	I	R	R
E	M	P	O	D	E	R	A	M	E	N	T	O	M	A	R	E	P
T	A	F	C	E	F	I	N	U	M		D	M	A	R	I	A	D
O	S	U	E	D	I	O	T	R	N	A	A	S	N	B	O	L	B
P	O	S	D	A	C	T	I		C	N	T	I	D	E	X	E	I
E	O	R	U	L	A	M	O	R	A	D	E	X	A	I	S	O	L
P	O	D	C	E	P	R	A	T	R	R	R	E	R	T	O	D	A
S	U	D	A	Z	U	I	N	U	T	O	A	S	L	O	M	E	F
N	M	I	N	O	R	E	D	E	D	M	O	C	R	A	C	I	E
A	L	I	N	T	P	O	R	O	D	A	L	I	O	D	A	T	O
Z	A	P	A	B	E	Z	O	C	E	L	T	P	F	E	M	I	M
N	T	P	S	V	A	R	C	E	D	U	C	I	O	S	A	M	S
O	I	A	B	L	R	E	E	Z	U	I	R	C	D	I	P	A	I
I	R	L	A	A	U	L	N	A	C	U	O	P	O	G	I	S	N
C	E	E	N	I	D	M	T	E	L	I	L	O	A	U	S	I	I
A	R	G	T	C	A	X	R	S	P	O	U	N	M	A	T	L	M
N	T	E	M	U	T	I	I	T	R	O	I	I	I	L	E	T	E
I	G	Z	O	N	I	O	S	E	N	S	C	S	Z	D	M	I	F
M		L	N	E	D	U	M	O	S	T	E	N	X	A	D	I	O
I	E	S	T	E	R	E	O	T	I	P	O	E	D	D	O	M	L
R	A	L	I	D	R	A	L	D	I	T	A	D	E	E	S	T	O
C	E	I	X	R	E	P	U	B	L	I	C	A	I	I	U	E	R
S	S	V	R	U	P	E	S	T	O	C	A	T	H	C	O	N	S
I	T	A	E	S	T	E	R	E	O	L		C	O	P	A	E	R
D	A	R	G	G	O	F	I	A	R	A	A	T	R	A	P	S	A
A	C	A	C	O	R	U	Ñ	T	I	M	O	M	A	E	P	U	R
M	I	M	A	N	U	A	R	A	M	R	E	P	U	B	L	I	O
I	N	O	I	C	A	C	U	D	E	O	C	A	S	T	U	R	S
Z	A	M	O	D	I	T	A	D	U	F	F	E	M	I	N	I	S

1. BLOQUE 3: A BONECA. A “ESCOLA FEMININA” DO FRANQUISMO.



"Las mujeres nunca descubren nada; les falta, desde luego, el talento creador, reservado por un Dios para inteligencias varoniles; nosotras no podemos hacer nada más que interpretar, mejor o peor, lo que los hombres nos dan hecho".

(Pilar Primo de Rivera, febreiro de 1942)

CONTIDOS TEÓRICOS

A Guerra Civil en España finalizou en 1939 coa vitoria do bando sublevado, comezando entón a ditadura que durante 40 anos impuxo o xeneral Francisco Franco.

A chegada ao poder do réxime ditatorial do franquismo supuxo a extirpación das liberdades e dereitos conquistados durante a II República, situación que se intensificou no caso das mulleres. Supoxo un gran retroceso para a súa formación e independencia, destruindo toda esperanza de emancipación e igualdade xurídica nun futuro próximo, o dereito ao voto (non será efectivo novamente ate 1977, dous anos despois do pasamento do ditador), dereito ao aborto, o divorcio, dereito á patria potestade de fillos e fillas, coeducación... Así, o ideal de muller pasa a ser unha muller feminina, abnegada, entregada ás tarefas propias do seu sexo, submisa, ao servizo das demais persoas, invisible, subordinada e por suposto complementaria ao home. A súa función pasará a ser nai, fiel esposa e coidadora do fogar, "*o anxo do fogar*".

Neste novo modelo de Estado social sexista e conservador, a Sección Feminina xogou un papel determinante no "adoutramento", realizando unha gran labor na unificación de ideais nacionais que tratarán de alcanzar a través da educación e cunha única transmisora, a muller, como nai e mestra, sería a encargada de reeducar á sociedade, coa axuda do Estado e da Igrexa, provocando e forzando así a súa anulación social e político.

Crearon o denominado "Servizo Social da Muller", de carácter obrigatorio entre 17 e 35 anos sempre que estivesen solteiras. Este servizo realizábase nun mínimo de 6 meses e resultaba preciso telo superado para o acceso ao traballo remunerado, a obtención dun título académico oficial, ou o pasaporte...

Código Penal de 1944:

Art. 428. El marido que sorprendiendo en adulterio a su mujer matare en el acto a los adúlteros o a alguno de ellos, o les causare cualquiera de las lesiones graves, será castigado con la pena de destierro. Si les produjere lesiones de otra clase, quedará exento de pena

A través da “materia do Fogar”, “adoutrinábase ás raparigas nos principios ideolóxicos cristiáns e os ideais falanxistas, e moi especialmente, en como ser unha boa ama de casa ao coidado dos seus fillos/as e esposo.

Os ensinos que se recibían na fase de formación, segundo o nivel cultural de cada grupo, eran: relixión, formación política (nacional-sindicalismo), convivencia social, economía doméstica, cociña, corte e confección, hixiene e medicina caseira, traballos manuais, labores, lavado e repasado, formación familiar, historia, cultura posnatal e educación física.

Para levar estas mensaxes ás mulleres do rural, creáronse as “Irmandades da Muller e o Campo”, que consistían na organización de grupos de mulleres que ían aos pobos para axudar ás tarefas agrícolas, á vez que se facía propaganda política e se informaba de elementos básicos de hixiene, coidado da casa e da familia.

Outra parte da actividade educativa de adoutrinamento foi a realizada polas “cátedras ambulantes” creadas en 1946, ían pobo por pobo a modo de escolas ambulantes dando charlas, consellos, cursos...



Foto: Arquivo histórico provincial de Álava.
Fondo do Goberno Civil



A formación universitaria só se admitiría nunha serie de profesións tradicionalmente ligadas á muller como mestra, enfermeira, puericultora etc.

E así foi, como coa eliminación da coeducación, xa se anticipaba que o destino doméstico das mulleres non requiría da mesma formación que a dos homes que se centrada en contidos científicos e humanísticos, senón na administración da vida doméstica e no seu comportamento social en público.

«El problema de la educación femenina exige un planteamiento nuevo (...) En primer lugar, se impone una vuelta a la sana tradición que veía en la mujer la hija, la esposa y la madre y no la 'intelectual' pedantesca que intenta en vano igualar al varón en los dominios de la Ciencia. 'Cada cosa en su sitio'. Y el de la mujer no es el foro, ni el taller ni la fábrica, sino el hogar, cuidando de la casa y de los hijos, de los hábitos primeros y fundamentales de su vida volitiva y poniendo en los ocios al marido una suave lumbre de espiritualidad y de amor». (Mayordomo, 1999: 244)

En 1945 promúlgase a lei de Ensino Primario que estará en vigor ata 1970. Xa no ano 1936 no bando nacional o Decreto de educación dicía o seguinte:

«Separación de sexos: O Estado, por razóns de orde moral e de eficacia pedagóxica, prescribe a separación de sexos e a formación peculiar de nenos e nenas na educación primaria». «A educación primaria feminina preparará especialmente para a vida do fogar, artesanía e industria domésticas». (Mordomo, 1999: 258)

As mestras foron debidamente instruídas en Escolas de Maxisterio exclusivamente femininas, a partir da lei de 1945. Por enriba da súa formación cultural, pedagóxica e didáctica impúxose a vocación patriótica e relixiosa.


En toda España, a depuración, a represión e o exilio afectaron a todos os colectivos, especialmente aos relacionados co eido educativo e cultural pero tamén á lingua, movementos asociativos... dando lugar a chamada "longa noite de pedra".



Durante a ditadura o galego foi apartado dos ámbitos institucionais e culturais, así como dos usos escritos

Con respecto á organización social e laboral...

As mulleres solteiras menores de idade (ata aquel momento os vinte e un anos), estaban baixo a patria potestade. Prohibíase que as menores de vinte e cinco anos abandonasen o fogar, so podían para casar. Neste intre pasarían a atoparse baixo a tutela dos seus maridos, precisando “autorización marital” para realizar operacións sobre bens (incluídos os propios), apertura dunha conta, contar cun contrato de traballo...



A Lei de Regulamentacións de 1942, que articulaba a normativa laboral do franquismo, implantou a obrigatoriedade de abandonar o posto de traballo no momento do matrimonio, que se tentou compensar coa figura do “dote”. A “excedencia forzosa” foise introducindo nos regulamentos laborais de en as décadas dos anos corenta e cincuenta:



Art. 108. Persoal feminino.- O persoal feminino que en diante entre ao servizo da Compañía deberá abandonar o traballo no momento que contraia matrimonio, considerándose desde entón en situación de excedencia forzosa. (...)

A Compañía abonaralle en concepto de dote unha cantidade equivalente a tantas mensualidades como anos de servizo prestase na mesma, sen que en ningún caso pase de seis mensualidades. (...)

A escasa cualificación feminina condúceas á realización de tarefas marcadas pola irregularidade e os baixos salarios. Ademais, existía unha clara delimitación dos postos de traballo, negándoselles o paso a determinadas profesións podendo ocupar so aquelas que se consideraban de "natureza" feminina, enfermería, docencia...

A organización, absolutamente supeditada á rama masculina, recolle as súas directrices básicas en "Os 18 Puntos da muller de F.E.T. e das J.O.N.S" que animan á muller a cumprir a súa nova e "*gloriosa misión*", ou na redacción da "*guía da boa esposa*"

Los 18 puntos de la mujer
de F.E.T. y de las J.O.N.S.




- 1** A la Aurora, eleva tu Corazón a Dios y piensa en un nuevo día para la Patria.
- 2** Ten Disciplina, Disciplina y Disciplina.
- 3** No comentes ninguna orden; cumpíela sin vacilar.
- 4** En ningún caso, y bajo ningún pretexto, te excuses de ningún acto de servicio.
- 5** A ti ya que no te corresponde la acción, anima a cumplirla.
- 6** Que el hombre que está en tu vida sea el mejor patriota.
- 7** No olvides que tu misión es la de educar a tus hijos para el bien de la Patria.
- 8** La angustia de tu corazón de mujer compénsala con la serenidad de que ayudas a salvar a España.
- 9** Obra alegremente y sin titubear.
- 10** Obedece y con tu ejemplo enseña a obedecer.
- 11** Procura ser tú siempre la rueda del carro y deja a quien deba ser su gobierno.
- 12** No busques destacar tu personalidad. Ayuda a que sea otro el que sobresalga.
- 13** Ama a España sobre todo, para que puedas inculcar su amor a otros.
- 14** No esperes otra recompensa para tu esfuerzo que la satisfacción propia.
- 15** Que las haces que forman la Falange estén cimentadas en un común anhelo individual.
- 16** Lo que hagas supérate al hacerlo.
- 17** Tu entereza animará para vencer.
- 18** Ninguna Gloria es comparable a la de haber dado todo por la Patria. Mujer que aún tienes influencia por tu exquisita feminidad sobre el hombre, si quieres cumplir este plan, la Patria, una vez más, deberá a ti no sólo su salvación, sino su prosperidad. Animo, mujer, a cumplir ignoradamente y en silencio tu nueva y gloriosa misión.

128 - M. CORTES, 1938

Os anuncios publicitarios enviaban ás mulleres todo tipo de mensaxes tanto para satisfacer as súas necesidades como xerar doutras de novas, proliferaban anuncios para a maioría das mulleres de produtos de hixiene corporal e limpeza...

Os medios de comunicación ,prensa, radio, cine, televisión son utilizados para transmitir estereotipos da muller esperada polo réxime.

Neste contexto nace o coñecido como NO-DO que foi de obrigada proxección entre 1943 e 1975 nos cines, como un servizo de difusión de noticiarios e reportaxes, filmados en España e no estranxeiro, "*co fin de manter, con impulso propio e directriz adecuada, a información cinematográfica nacional*". Atribuíuse ao No-Do a exclusiva da produción de noticiarios, e decretouse a obrigatoriedade da súa exhibición en todos os cinemas do territorio nacional, posesións e colonias.



O papel subsidiario que o franquismo outorgaba ás mulleres non impediu que algunhas delas militasen na oposición antifranquista, onde introduciron as demandas de igualdade entre ambos os sexos. As denuncias ao respecto da súa situación de opresión, sentaron as bases dun primeiro feminismo, que tería un amplo desenvolvemento na década de 1970 do pasado século.





Algunhas publicacións da época...

No se improvisa a una ama de casa, como no se improvisa una institutriz o una enfermera. Cada oficio, cada profesión, exige un período de aprendizaje; el de ama de casa como los demás. No suele tomarse en serio el papel que representa la mujer en el hogar y a menudo se descuida la preparación de las jóvenes que, en su mayoría, necesariamente deberán asumir un día la dura pero bella tarea de ama de casa (...) los oficios que ejerce la mujer en el hogar son innumerables: ¡Cocinera, doncella, costurera, bordadora, zurcidora, planchadora, recadera, enfermeracontable, economista, maestra, higienista! Es verdad que tiene disposiciones naturales para ese género de trabajo, pero debe prepararse y perfeccionarse.

Revista de la Sección Femenina, Medina, 31 enero de 1943.

“La mujer sensual tiene los ojos hundidos, las mejillas descoloridas, transparentes las orejas, apuntada la barbilla, seca la boca, sudorosas las manos, quebrado el talle, inseguro el paso y triste todo su ser.

Espiritualmente, el entendimiento se oscurece, se hace tardo a la reflexión: la voluntad pierde el dominio de sus actos y es como una barquilla a merced de las olas: la memoria se entumece. Sólo la imaginación permanece activa, para daño, con la representación de imágenes lascivas, que la llenan totalmente. De la mujer sensual no se ha de esperar trabajo serio, idea grave, labor fecunda, sentimiento limpio, ternura acogedora”.

(Padre García Figer en ‘Medina’, revista de la Sección Femenina, 12 de agosto de 1945)

“A través de toda la vida, la misión de la mujer es servir. Cuando Dios hizo el primer hombre, pensó: “No es bueno que el hombre esté solo”. Y formó la mujer, para su ayuda y compañía, y para que sirviera de madre. La primera idea de Dios fue el ‘hombre’. Pensó en la mujer después, como un complemento necesario, esto es, como algo útil”.

(Sección Femenina. Formación Político-Social, primer curso de Bachillerato, 1963)

ACTIVIDADE 1.

ORIENTACIÓN DA ACTIVIDADE

Tal e como se recolle nos contidos teóricos da presente unidade, a ditadura franquista trouxo consigo un gran cambio, especialmente no caso das mulleres. Coa presente actividade, pretendemos afondar un pouco máis en cal era a situación da muller da II República e como mudou esta durante o período do réxime. Para elo, realizaremos un debate con posicións en favor e en contra do sistema de organización política e social tras a Guerra Civil.

OBXECTIVOS



- Favorecer o emprego da lingua galega na mocidade, especialmente os usos orais en contextos formais e informais.
- Potenciar a fluidez comunicativa ligada á oratoria.
- Promover o pensamento crítico e analítico.
- Fomentar a diversidade de opinións, a tolerancia fronte a diferentes cuestións e o traballo en equipo

DURACIÓN : Dúas sesións


MATERIAIS

- Acceso a internet, biblioteca do centro e contidos teóricos da presente unidade.

PROCEDEMENTO

- Traballo en gran grupo.
- Debate.


ORIENTACIÓN METODOLÓXICA



1. Presentación e explicación da actividade a realizar.
2. Dividiremos a clase en dous grandes grupos. Para a súa formación realizarase un sorteo.
3. Cada equipo defenderá unha posición, un a favor e outro en contra, ao respecto da seguinte temática: **"A ditadura franquista mellorou a situación da muller"**.
4. Concederanse 30 minutos para que cada equipo realice a busca da información que estime oportuna e a súa organización, coa finalidade de defender a súa posición.
4. En cada debate teñen que subir ao atril entre 2 e 4 persoas de cada unha das equipas. Estas formarán o equipo de debate. O resto dos e das persoas integrantes de cada equipa serán o grupo de apoio.

5. ESTRUCTURACIÓN PARA O DEBATE:

- AF: Exposición inicial (5 min)
- EC: Exposición inicial (5 min)
- Pausa para preparar as refutacións (2 min)
- AF: Refutación (4 min)
- EC: Refutación (4 min)
- AF: Refutación (4 min)
- EC: Refutación (4 min)
- Pausa para preparar as conclusións (2 min)
- EC: Conclusión (3 min)
- AF: Conclusión (3 min)



EXPOSICIÓN INICIAL: PRESENTAR A TESE E OS ARGUMENTOS QUE A SUSTENTAN, E DESENVOLVELOS.

REFUTACIÓNS: REBATER OS ARGUMENTOS PRESENTADOS POLO OUTRO EQUIPO, NON CONTINUAR COA EXPOSICIÓN DE ARGUMENTOS SEN TER EN CONTA O QUE DIXO O OUTRO EQUIPO.

CONCLUSIÓNS: INCORPORAR NAS CONCLUSIÓNS A REFERENCIA AOS ARGUMENTOS DO OUTRO EQUIPO.

NORMAS DE DEBATE

- O tempo indicado é o máximo; non é imprescindible esgotalo (nin se pode exceder en máis de 10 segundos)
- Pódese empregar material de apoio: gráficos, audiovisual....
- O equipo que non estea no uso da palabra debería preguntar, comentar ou facer observacións á persoa do atril, (sempre levantando a man para pedir a palabra e agardando a que lles sexa concedida). Isto pode facerse só nas quendas de refutación e antes do último minuto (minuto protexido).
- Estas intervencións non poden pasar dos 15 segundos e pode facelas tanto o equipo de debate coma o de apoio.
- Unha vez finalizado o debate será o equipo docente o que determine cal foi a equipa que mellor realizou a argumentación e exposición da súa posición.

ACTIVIDADE 2

ORIENTACIÓN DA ACTIVIDADE

Desde pequenas, ás nenas dicíaseles que tarefas debían realizar e como. É dicir, facer a comida, limpar, coidar dos seus irmáns e irmás para así ser boas nais no futuro, un modelo de muller tradicionalista e conservadora, unha imaxe que fose acorde á perfección entre as liñas do pensamento tradicional. Exaltábase a feminidade da muller, a submisión e o espírito de sacrificio cara ao marido. Para iso, debía desaparecer da muller a súa capacidade tanto creativa como intelectual e crítica, converténdose ela nunha sombra do home da casa. Así, partindo deste ideario, realizouse toda unha campaña de adoutramento na que os medios, a publicidade, propaganda ... foron ferramentas fundamentais.

OBXECTIVOS



- Reflexionar sobre a evolución dos roles e estereotipos de xénero que representan a mulleres e homes e como inflúen os medios e a información na súa transmisión.
- Comprender a influencia e peso que a educación directa ou indirecta, ten inflixido sobre as mulleres ao longo do tempo.
- Empregar distintos formatos para transmitir mensaxes en prol da erradicación da desigualdade e discriminación de xénero.

DURACIÓN : Dúas sesións de 50 min

MATERIAIS




- Novas de prensa, anuncios.. que acompañan á presente unidade.
- Cores, lapis e papel.

PROCEDEMENTO

- Traballo en pequeno grupo.
- Posta en común en gran grupo.

ORIENTACIÓN METODOLÓXICA



1. Presentación e explicación da actividade a realizar.
2. Dividiremos a clase en pequenos grupos, máximo 4 persoas. Lembramos a este respecto que se recomenda sempre que sexan grupos mixtos.
3. Cada equipo escollerá unha das novas, normas de comportamento, anuncios... propostos a modo de exemplo nos materiais de apoio á presente actividade, coa intención de crear un novo contido que teña como finalidade a promoción da igualdade.
Para a consecución dos obxectivos propostos, escolleran para realizar os seus traballos, o formato que máis interesante e atractivo lle resulte, cómic, nova de prensa, debuxo...
4. Unha vez finalizado o traballo, realizarase a presentación explicando de xeito pormenorizado cuestións como:
 - Cal foi o motivo polo cal seleccionaron esa nova, anuncio imaxe...?
 - Porque decidiron empregar ese formato para realizar a súa presentación?
 - Que mensaxe querían transmitir?

5.Unha vez finalizada a presentación de tódolos traballos , e coa finalidade de avaliar a actividade, o persoal docente promoverá un momento de diálogo no que se formularán preguntas como:

- Resultouvos interesante a realización da actividade?
- Que sensación vos produciron as novas, imaxes, anuncios... ?
- Algún chamou especialmente a vosa atención?



COMO PROPOSTA...

Cos materiais elaborados pódese realizar unha pequena exposición no propio centro. A finalidade será achegar ao resto do alumnado mensaxes encamiñadas á eliminación da desigualdade, provocando deste xeito un efecto multiplicador.



MATERIAIS DE TRABAJO PARA O ALUMNADO

Normas concretas de modestia femenina

(Impuestas en la Diócesis de Málaga)

1.º — Los vestidos no deben ser tan ceñidos que señalen las formas del cuerpo provocativamente.

2.º — Los vestidos no deben ser tan cortos que no cubran la mayor parte de las piernas; no es tolerable que lleguen sólo a la rodilla.

3.º — Es contra la modestia el escote, y los hay tan atrevidos que pudieran ser gravemente pecaminosos por la deshonestia in-

tención que revelan o por el escándalo que producen.

4.ª—Es contra la modestia el llevar la manga corta de manera que no cubra el brazo al menos hasta el codo. Muy dignas de alabanza son las que llevan siempre manga larga, que rebasa el codo y aun cubre todo el brazo.

5.ª—Es contra la modestia no llevar medias.

6.ª—Es también contra la modestia el llevar los vestidos transparentes, o con calados, en aquellas partes que deben cubrirse.

7.ª—Aun las niñas deben llevar la falda hasta las rodillas y las que han cumplido doce años deben llevar medias.

8.ª—Los niños no deben llevar los muslos desnudos.

9.ª—Al templo se debe ir con mangas largas que cubran brazo y antebrazo, con medias y vestido que cubra la mayor parte de las piernas, sin escotes, ni transparentes, ni calados.

10.ª—Las maestras de niñas—y sobre todo las religiosas—sepan que la Sagrada Congregación del Concilio (Instrucción de 12 de Enero de 1930) les manda que no reciban en sus colegios y conventos a las que lleven vestidos menos honestos y que, aun

100% FEMININA



¿ES USTED 100 POR 100 FEMENINA? — He aquí los principales caracteres de la mujer femenina. En el texto explicamos el origen de estos caracteres, sus trastornos y el modo de corregir éstos.

ANUNCIOS EN PRENSA...




No importa
lo que ha pasado.
El es un hombre
y Vd. lo ama.
El merece Lucky.

la línea de
perfumería



virtalmente
fresca



Agua de colonia - Muejes para antes y después del afeitado - Jabón
Brillantes - Fijador - Tónico - Cremas para afeitar - Lata spray

¿ME HACES ESPERAR COMO
TONGO MIENTRAS SURCES TUS
MEDIAS!



EVITE ESTA ESCENA

USANDO

“My Lady”
M. R. FABRICACION CHILENA



EL LIQUIDO QUE EVITA QUE
SE CORRAN LOS PUNTOS DE
LAS MEDIAS

¡madre!

*debes hijos
sanos a España!*

HERNÁNDEZ HEREDIA S.A. «ARTIACH»

con garantía del tiempo del deber.

¡ESTOS LABORATORIOS PREPARAN LOS TIPOS SIGUIENTES:

AYENA

TRIGO

ARROZ

VENTA EN FARMACIAS Y
ESTABLECIMIENTOS DE ALIMENTACIÓN

«OJO»

LABORATORIOS

Moncayo, 9 y 11

ZARAGOZA



VIÑETAS E HISTORIETAS




LECTURA

Todos tenemos una familia.

La familia está formada por los padres, los hijos y los abuelos, principalmente.

El jefe de la familia es el padre.

Debemos amar mucho a todos los de nuestra familia y ser muy obedientes y respetuosos para con nuestros padres y abuelitos.



BLOQUE 4: LINGUA VERNÁCULA. A LONGA NOITE DE PEDRA



IRMAUS

"...Por enriba de tódalas fronteiras,
por enriba de muros e valados,
si os nosos soños son iguais,
coma un irmau che falo.

Común temos a patria,
común a loita, ambos.
A miña mau che dou,
coma un irmau che falo."

Celso Emilio Figueira

Longa noite de pedra - 1962 -

CONTIDOS TEÓRICOS

Na segunda metade do século XIX, o galego a través do Rexurdimento, volta a ser empregado no ámbito culto da man de ilustre poetisas e poetas como Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou Eduardo Pondal; xunto con outras figuras do eido político e social, residentes en Galicia e da emigración que apostan pola súa propia lingua e identidade.

En 1906, fundase a Real Academia Galega dando un novo pulo ao uso da lingua, destacan aquí figuras como Filomena Dato, Carmen Beceiro ou Sofia Casanova.

En 1916, xorden tamén as primeiras organizacións específicas de defensa da lingua e da cultura galegas, que transcenderon a defensa do país e da súa identidade. Trátase das Irmandades da Fala, que en 1918, será o primeiro núcleo consciente en reivindicar a cooficialidade do galego e do castelán.


Neste período, nace tamén a Xeración Nós, nome que provén da publicación da súa revista, e do que formarían parte figuras como Castelao, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo... que realizaron un traballo un valioso traballo de estudo e fortalecemento da lingua galega e da súa literatura.

En 1931 ,coa instauración da II República o Partido Galeguista levará ao primeiro intento lexislativo de recoñecer o galego como lingua cooficial (xunto co castelán) coa aprobación do Estatuto de Autonomía, plebiscitado polo pobo galego en xuño de 1936.

O 18 de xullo dese mesmo ano produciuse o golpe de estado, que iniciou a Guerra Civil, que se prolongaría ata marzo de 1939, da comezo así a "**longa noite de pedra**", nome do libro de poemas do escritor galego Celso Emilio Ferreiro que representa unha época da represión e de silencio baixo o réxime.

Durante a ditadura, aplicouse pois, unha política de represión lingüística e cultural que buscaba impoñer o castelán como lingua única, prohibindo o uso doutras como o galego, vasco e catalán. Esta medida tivo graves consecuencias culturais, xa que se limitou a expresión e a difusión da literatura, a música e outras manifestacións artísticas nestas, producíndose un grave deterioro da identidade e a diversidade cultural.

Vídeo resumo:
"Lingua de reis,
lingua do pobo"



As persoas pertencentes á xeración que tentara potenciar unha cultura de carácter nacional e unha intensa demanda idiomática, foron o branco do represión, persoas activistas ou pertencentes ao eido literario, docente, artístico e xornalistas... foron fusiladas, paseadas, encarceradas ou retiradas dos servizos.

O libro é unha arma perigosa que invitaba a pensar e reflexionar de maneira crítica, motivo polo cal se levaron a cabo numerosas queimas de libros e o expurgo de publicacións, depuración de bibliotecas...

Na Coruña, por exemplo, nas proximidades da Dársena queimáronse numerosos libros propiedade do recoñecido Centro de Estudos Sociais Germinal, entre outras moitas entidades republicanas, socialistas e anarquistas, así como algúns dos requisados na vivenda do presidente do Goberno, Santiago Casares Quiroga, na rúa Panadeiras, e doutros moitos fogares particulares.

Baixo o seu criterio, todo aquilo que representaba a anti- España: foi eliminado, e nesta teima producíronse encarceramentos, ilegalización de organizacións e asociacións, depurou bibliotecas e prohibiu obras para eliminar o pensamento inimigo.



O Ideal Gallego, 19 de agosto de 1936

A escola foi outro eido de forte represión. A Orde Ministerial do 4 de setembro de 1936 explicaba que:

«a xestión do Ministerio de Instrución Pública, e especialmente da Dirección Xeral de Primeiro Ensino, nos últimos anos, non puido ser máis perturbadora para a infancia. Cubríndoa cun falso amor á cultura, apoiou a publicación de obras de carácter marxista ou comunista, coas que organizou, bibliotecas ambulantes e das que asolagou as escolas, á conta do tesouro público, constituíndo un labor funesto para a educación da nenez. É un caso de saúde pública facer desaparecer todas esas publicacións...».

Esta Orde resposta ao imperativo de que soamente se empregasen:

«obras cuxo contido responda aos santos principios da relixión e a moral cristiá, e que exalten cos seus exemplos o patriotismo da nenez».

Así pois, en setembro de 1936 suprimíronse os contidos educativos e impuxéronse outros novos, lingüisticamente, o castelán volve ser a lingua exclusiva, pasando a ser comúns anuncios coma este, ou uso da violencia ou ridiculización do alumnado que empregaba a lingua galega. Todo isto acompañado do proceso de depuración do profesorado, proceso que levou ao fusilamento e paseos, ou a suspensión de emprego e soldo, no caso de María Barbeito, coa finalidade de reconducir ideoloxicamente á sociedade deslexitimando á escola republicana.



En 1938 un órgano lexislativo comeza a censurar o uso das distintas linguas do Estado. Así, unha orde do Ministerio de Xustiza do 18 de maio de 1938 prohibe no Rexistro Civil calquera lingua que non sexa o castelán. Ese mesmo ano, o ministro de Xustiza reiterou que as matrículas noutro idioma distinto da oficial serían nulas. Tamén está prohibido o uso doutro idioma distinto do castelán no Rexistro de Persoas Xurídicas.

O 16 de marzo de 1939 publícase unha carta da Subsecretaría de Prensa e Propaganda na que se sinalaba que debían prohibirse as linguas rexionais, xa que non servían para mellorar a difusión dos principios do Movemento Nacional.

Os medios de comunicación de masas son o terceiro elo da castelanización, sobre todo coa extensión da radio e, sobre todo, da televisión nos anos 60.

A fundación da Editora Galaxia, en 1950, por galegos e galegas de preguerra que quedaron en Galicia e que defenderon unha liña de actuación cultural ante a situación política, é a pedra angular da recuperación dos usos escritos do galego. Promove a poesía, a nova narrativa galega dos novos autores e autoras da posguerra e publicacións periódicas, como a Revista de Economía de Galicia, a revista de cultura e arte Atlántica e a revista de pensamento Grial, a pesar de ser censurada en numerosas ocasións. A partir daquela tamén o intentaron as editoriais de Monterrei e Xistral.

Decisivo tamén será o papel das persoas exiliadas masivamente pola opresión franquista, que promoveron o proceso de recuperación da lingua de antes da guerra, nos seus países de acollida. O núcleo fundamental sería a cidade de Bos Aires, onde vivían máis de 400.000 persoas emigrantes galegas, asociadas a comunidades fundadas a principios do século XX . Alí promovéronse editoriais, emisións radiofónicas, a Agrupación Galega de Universitarios, Escritores e escritoras e Artistas...que en galego, ofreceron clases de diversas disciplinas, promoven espectáculos teatrais, investigación histórica, creación literaria, ensaio político, conferencias, actos públicos, etc.

Debemos facer aquí unha pausa para falar das mestras, políticas, xornalistas, sanitarias, escritoras, científicas... mulleres, que baixo o silencio e a "dobre falta de memoria", se atoparon entre o medio milleiro de persoas que viviron o éxodo provocado pola Guerra Civil española, as que quedaron en segundo plano, as mulleres do exilio republicano, Victoria Kent, Maruja Mallo, Dolores Ibárruri...



ACTIVIDADE 1.

ORIENTACIÓN DA ACTIVIDADE

A persecución lingüística durante o franquismo supuxo un gran retroceso para a lingua galega, mediante a prohibición do seu uso en marcas, nomes comerciais, rótulos de bares ou tendas e nas proxeccións cinematográficas, ademais de impedir a escolla dos chamados “dialectos” para darlles nome aos fillos e fillas ou redactar calquera documentos oficiais...Os medios de comunicación foron outro axente castelanizador xunto co sistema educativo que excluiron por completo a lingua propia de Galicia. Figuras como Celso Emilio Ferreiro ou Castelao continuaron co seu traballo en prol da produción cultural na lingua vernácula, agora ben, na defensa da lingua e da cultura, na loita contra o réxime tamén existiron nomes de muller. Nesta actividade imos afondar nesta parte da historia invisibilizada.

OBXECTIVOS



- Promover o interese do alumnado polo coñecemento da historia con nome de muller como un exercicio de memoria histórica.
- Favorecer a visibilización das aportacións realizadas polas mulleres en tódolos eidos, especialmente na cultura e defensa da lingua.

DURACIÓN: 2 Sesións


MATERIAIS

- Conexión a internet

PROCEDEMENTO

- Traballo en pequeno grupo.
- Posta en común en gran grupo.

ORIENTACIÓN METODOLÓXICA



1. Presentación e explicación da actividade a realizar.
2. Dividiremos a clase en pequenos grupos, máximo 4 persoas. Lembramos a este respecto que se recomenda sempre que sexan grupos mixtos.
3. Cada equipo deberá realizar unha investigación ao respecto de algunha muller represaliada durante o período da ditadura franquista do eido artístico, cultural, educativo... presentes no material de apoio.
4. Unha vez finalizada a investigación realizarán unha presentación co resultado do seu proceso de investigación, realizando a escolla do formato de presentación, redacción dunha nova para prensa, vídeo presentación, role playing, entrevista radiofónica...
5. Ao peche da actividade, estableceranse un diálogo co alumnado onde se formularán cuestións como as que se detallan a continuación:

Foi interesante a actividade?
A súa realización aportou algún dato ou información que non coñecían?
Consideran que é preciso visibilizar tamén esta parte da historia?

María Casares



María Barbeito



Juana Capdevielle



Amparo Alvajar



Syra Alonso



María Miramontes



Filomena Dato



Sofía Casanova



Francisca Álvarez



Luisa Viqueira



Elvira Bao



Maria Josefina
Alvajar



Isabel Riós



ACTIVIDADE 2.

ORIENTACIÓN DA ACTIVIDADE

Tal e como se recolle nos contidos teóricos da presente unidade, durante a ditadura franquista, houbo unha clara política de imposición do castelán como único idioma oficial. O uso da lingua estaba prohibido en diferentes ámbitos, desde os medios de comunicación ata os rexistros civís... Esta política lingüística tivo consecuencias negativas tanto a nivel social como cultural e o seu impacto segue sendo visible na actualidade.

OBXECTIVOS



- Favorecer o emprego da lingua galega na mocidade, especialmente os usos orais en contextos formais e informais.
- Potenciar a fluidez comunicativa ligada á oratoria.
- Promover o pensamento crítico e analítico.
- Fomentar a diversidade de opinións, a tolerancia fronte a diferentes cuestións e o traballo en equipo

DURACIÓN : Dúas sesións


MATERIAIS

- Acceso a internet, biblioteca do centro e contidos teóricos da presente unidade.

PROCEDEMENTO

- Traballo en gran grupo.
- Debate.


ORIENTACIÓN METODOLÓXICA



1. Presentación e explicación da actividade a realizar.
2. Dividiremos a clase en dous grandes grupos. Para a súa formación realizarase un sorteo.
3. Cada equipo defenderá unha posición, un a favor e outro en contra, ao respecto do seguinte enunciado: **"A situación do galego hoxe é froito do franquismo"**.
4. Concederanse 30 minutos para que cada equipo realice a busca da información que estime oportuna e a súa organización, coa finalidade de defender a súa posición.
4. En cada debate teñen que subir ao atril entre 2 e 4 persoas de cada unha das equipas. Estas formarán o equipo de debate. O resto dos e das persoas integrantes de cada equipa serán o grupo de apoio.

5. ESTRUCTURACIÓN PARA O DEBATE:

- AF: Exposición inicial (5 min)
- EC: Exposición inicial (5 min)
- Pausa para preparar as refutacións (2 min)
- AF: Refutación (4 min)
- EC: Refutación (4 min)
- AF: Refutación (4 min)
- EC: Refutación (4 min)
- Pausa para preparar as conclusións (2 min)
- EC: Conclusión (3 min)
- AF: Conclusión (3 min)



EXPOSICIÓN INICIAL: PRESENTAR A TESE E OS ARGUMENTOS QUE A SUSTENTAN, E DESENVOLVELOS.

REFUTACIÓNS: REBATER OS ARGUMENTOS PRESENTADOS POLO OUTRO EQUIPO, NON CONTINUAR COA EXPOSICIÓN DE ARGUMENTOS SEN TER EN CONTA O QUE DIXO O OUTRO EQUIPO.

CONCLUSIÓNS: INCORPORAR NAS CONCLUSIÓNS A REFERENCIA AOS ARGUMENTOS DO OUTRO EQUIPO.

NORMAS DE DEBATE

- O tempo indicado é o máximo; non é imprescindible esgotalo (nin se pode exceder en máis de 10 segundos)
- Pódese empregar material de apoio: gráficos, audiovisual....
- O equipo que non estea no uso da palabra debería preguntar, comentar ou facer observacións á persoa do atril, (sempre levantando a man para pedir a palabra e agardando a que lles sexa concedida). Isto pode facerse só nas quendas de refutación e antes do último minuto (minuto protexido).
- Estas intervencións non poden pasar dos 15 segundos e pode facelas tanto o equipo de debate coma o de apoio.
- Unha vez finalizado o debate será o equipo docente o que determine cal foi a equipa que mellor realizou a argumentación e exposición da súa posición.

BLOQUE 5. AS MESTRAS REPUBLICANAS.



"... se eu tiña por obriga marcar rumbos, e estes rumbos non podían ser nunca perniciosos, outras eran as persoas encargadas de interpretalos e darlles eficacia."

María Barbeito. Resposta ao Prego de cargos ante a Comisión Depuradora do Maxisterio da Coruña.

CONTIDOS TEÓRICOS

A proclamación da II República española o 14 de abril de 1931 encetou un período na historia, no que se recoñeceron un conxunto de dereitos políticos, sociais e económicos nos que as mulleres e os homes estaban en pé de igualdade, mediante o establecemento dun conxunto de dereitos inexistentes con anterioridade, ben porque foran suspendidos pola ditadura monárquica de Primo de Rivera no ano 1923, ben porque non estaban recoñecidos na Constitución de 1876.

Con respecto ao ensino debemos indicar, que historicamente viñera marcado por unhas profunda desigualdades entre os sexos. As nenas eran educadas para o ámbito doméstico e privado, para ser o “anxo do fogar”, o modelo arquetípico da esposa e nai.

A escolarización na escola primaria, que en teoría era obrigatoria, era máis baixa no caso das nenas, rexistrando unha maior taxa de absentismo e de analfabetismo. Por iso, polo atraso relativo e a discriminación, as reformas modernizadoras tiveron unha incidencia maior na educación das mulleres.

Poboación analfabeta en Galicia (1860-1950)				
	Galicia	Total	Homes	Mulleres
1860	1.434.129	79,67%	57,74%	95,46%
1877	1.436.926	78,73%	56,15%	92,33%
1887	1.396.500	70,99%	51,10%	89,35%
1900	1.384.210	69,89%	47,20%	83,66%
1910	1.323.005	64,11%	41,68%	74,20%
1920	1.198.225	56,41%	34,41%	50,82%
1930	1.009.326	45,26%	24,88%	49,49%
1940	894.063	35,82%	14,50%	32,69%
1950	689.037	26,46%	8,79%	21,83%

Fte. Narciso de Gabriel: *O proceso de alfabetización en Galicia. Un intento de explicación*

En prol da redución e ou eliminación do alto índice de analfabetismo da poboación, só durante o período da república construíronse aproximadamente 8.700 escolas.

O proxecto educativo da II República supuxo un gran impulso para o ensino en xeral, pero especialmente en Galicia. Os seus principios ficaban claramente recollidos na Constitución de 1931. Configurase así un modelo de "*Escola nova*", na que se reflicían os primeiros decretos establecidos:

- Bilingüismo: aparece recollido expresamente nun Decreto de 1931, no que se recoñece a existencia de distintas linguas dentro do Estado.
- Escola laica: suprímese a obrigatoriedade do ensino da relixión, baseándose na liberdade relixiosa e liberdade de conciencia das nenas e nenos.
- Gratuíta: aspecto que aseguraba o acceso en igualdade de condicións, facilitando así a asistencia tamén de persoas que contaban con menos recursos.
- Serán escolas mixtas nas que se promova a coeducación. Nenos e nenas estarán na mesma aula e recibirán as mesmas ensinanzas, centradas na solidariedade e cooperación por enriba dos contidos académicos.
- Escola activa: na que se aplicaban métodos de Montessori, Decroly ou Freinet. O alumnado pasa a ocupar o centro e parte activa no proceso de aprendizaxe dunha escola aberta, que abre as portas ao coñecemento do medio natural, social e cutlural. A súa metodoloxía baseabase na experimentación, creatividade e os métodos participativos de aprendizaxe, traballaban ao aire libre, facían excursións e fomentaban a educación física de alumnos e de alumnas.
- Promove a mellora da formación académica do profesorado, esencialmente de primaria nas Escolas Normais con especial incidencia no plano metodolóxico e pedagóxico. As futuras mestras e mestres, terían estudos de bacharelato, e formaríanse conxuntamente na universidade na que aprendían a pedagogía moderna. A mellora das retribucións contribuíu á dignificar da profesión. Crearanse canles de comunicación e posta en común Biblioteca de Consulta para o mestrado e un Centro de Colaboración
- Esta Nova Escola tamén daba resposta a retos pedagóxicos como a atención das necesidades educativas especiais e a educación de persoas adultas

Ocupan en todo este proceso de cambio, reforma e construción da Escola nova, un papel fundamental "as mestras". Figuras como a de Maria Barbeito crearán unha nova identidade profesional, pero tamén unha nova identidade de muller, cidadana, republicana, moderna e comprometida co cambio político.



Elas encarnaron o ideal de muller moderna e independente da época e participaron activamente na renovación a práctica educativa e nos procesos sociais do momento. Foron as encargadas de levar ese obxectivo á práctica, as protagonistas anónimas dun ambicioso proxecto social, no que por exemplo se iniciaron as ensinanzas de temas de educación sexual, acompañada, en ocasións, da explicación de métodos anticonceptivos, nun intento de formar ás alumnas na libedade e responsabilidade.

Participaron asimismo en la amplia variedad de actividades educativas y culturales levadas a cabo pola República:

- **Misións Pedagóxicas:** o seu obxectivo era achegar á cultura ás zonas máis alonxadas ou deprimidas do estado. Algunhas das actividades que se realizaban era lecturas públicas, conferencias, sesións de cine, cursos...
- **Cantinas escolares:** creadas para proporcionar alimento a nenos e nenas ao longo do curso escolar.
- **Colonias escolares.**
- **Escolas para persoas adultas:** que se levaban a cabo polas tardes e noites e traballaban partindo dos propios intereses das persoas asistentes para estimular así a súa participación.
- **Bibliotecas escolares:** As Misións pedagóxicas enviaban unha selección de de 100 libros para cativada e persoas adultas, e tiñan un espírito comunitario.
- **Milicias da cultura.** Destinadas á alfabetización dos homes e mulleres que se atopaban na fronte, tamén acudirían a hospitais.



Cando se produciu a sublevación militar en 1936, centos de mulleres, comprometidas coa legalidade e cos valores cívicos e sociais que representaba a República, foron perseguidas, inhabilitadas, encarceradas, torturadas, violadas, fusiladas ou tiveron que partir cara o exilio, nunha viaxe, para algunhas, sen retorno. Entre elas, moitas mestras, mulleres que eran libres e activas, que participaban das asociacións e sindicatos, ... vironse sometidas ao proceso de depuración.

As sancións tiñan unha dobre finalidade punitiva e preventiva de depuración aplicando castigos exemplarizantes. Este proceso depurativo tivo como consecuencia a desaparición do modelo de muller moderna e sería substituída novamente polo modelo de muller nacional- católica, a abnegada nai e esposa, dona do espazo privado.

En xullo de 1936, tal e como se indica textualmente na Coruña das Mulleres: " había 918 mestras e 845 mestres traballando nas escolas públicas da provincia da Coruña. No proceso de depuración que practicaron os sublevados recibiron algún tipo de sanción o 12,64% das primeiras e o 46,10% dos segundos. Ao se tratar dun proceso de natureza basicamente político-ideolóxica, e seren os homes os principais protagonistas da vida pública, malia o avance que estaban a experimentar as mulleres por esas datas, a diferenza non resulta en absoluto sorprendente.



Das 116 sancionadas, 19 resultaron separadas definitivamente do ensino, das cales dúas, brutalmente asasinadas, fórono post mortem: Mercedes Romero Abella, que exercía no barrio coruñés de Monelos, e María Vázquez Suárez, destinada en Miño.

Ademais de Romero Abella, foron sancionadas outras seis mestras do concello coruñés: María Barbeito Cerviño (Graduada Eusebio da Guarda), separación definitiva; Dosinda Corona Vázquez Gómez (Graduada Eusebio da Guarda), suspensión de emprego e soldo durante seis meses; María del Pilar Durán Fariña (Graduada Concepción Arenal), suspensión de emprego e soldo por dous anos; Carmen Mariño García (Feáns), suspensión de emprego e soldo por un mes; Carmen Parga Rodríguez (Graduada Concepción Arenal), separación definitiva, e Mercedes Taboada Novoa (Santo Tomé), suspensión de emprego e soldo por dous anos. A esta listaxe habería que engadir as mestras que exercían a docencia noutros ámbitos administrativos, como Elvira Bao Maceiras (Sanatorio Marítimo de Oza) ou María de Dios (Hospicio)."

Para ampliar información:
Podcats. As mestras republicanas.
A coruña das mulleres.



ACTIVIDADE 1.

ORIENTACIÓN DA ACTIVIDADE

A sublevación militar en 1936, trouxo consigo que centos de mulleres, comprometidas coa legalidade e cos valores cívicos e sociais que representaba a República, foran perseguidas, inhabilitadas, encarceradas, torturadas, violadas, fusiladas ou tiveran que partir cara o exilio, nunha viaxe, para algunhas, sen retorno. Este foi o caso das mestras republicanas, depuradas e sancionadas con castigos exemplarizantes, eliminado de raíz calquera pequena esperanza do mantemento da nova cidadana que sería substituída novamente polo modelo de muller nacional- católica, abnegada nai e esposa, dona do espazo privado.

OBXECTIVOS



- Profundizar na importancia que as mestras tiveron durante a II República, a súa identidade profesional e persoal.
- Rescatar do esquecemento, a especial persecución que delas se fixo, como pedagogas pero tamén como mulleres. .

DURACIÓN : 1 sesión

MATERIAIS




- Materiais de apoio para o alumnado.

PROCEDEMENTO


- Traballo en pequeno grupo.
- Debate.

ORIENTACIÓN METODOLÓXICA




1. Presentación e explicación da actividade a realizar.
2. Facilitar a cada parella a documentación que se anexa á presente unidade como material de apoio para o alumnado.
3. Cada pequeno grupo, deberá realizar unha análise pormenorizada dos mesmos para dar posteriormente resposta ás seguintes cuestións:
 - Que avances considerades que trouxo a II República con respecto aos dereitos das mulleres? Elaborade un listado no que rescollades cal era a situación antes e durante a República.
 - Que papel estimades que xogan as mestras nese momento histórico na sociedade cultural, social e política?
 - Consideras que os cargos que se imputan a mulleres e homes por parte das Comisións Depuradoras atenden aos mesmos criterios? Argumentade a vosa resposta.
4. Posta en común das respostas e debate en gran grupo.
5. Para o peche e avaliación das actividades estableceremos un diálogo co alumnado no que se formule de xeito individualizado a seguinte cuestión:

Coa realización destas actividades aprendín...



TAREFA 1. INVESTIGADE E RESPOSTADE...

Que avances considerades que trouxo a II República con respecto aos dereitos das mulleres? Elaborade un listado no que rescollades cal era a situación antes e durante a República.



TAREFA 2. INVESTIGADE E RESPONDA...

Que papel estimades que xogan as mestras da II República nese momento histórico na sociedade no eido cultural, social e político?



TAREFA 3. LEDE CON ATENCIÓN E RESPONDE...



Considerades que os cargos que se imputan a mulleres e homes por parte das Comisións Depuradoras atenden aos mesmos criterios? Argumentade a vosa resposta.

MATERIAL DE APOIO PARA O ALUMNADO

**Prego de Cargos contra Dona María Barbeito Formulados pola Comisión
depuradora do Maxisterio da Coruña.**

PLIEGO DE CARGOS que esta Comisión Depuradora formula contra Doña Maria Barbeito Cerviño, Maestra Directora de la Graduada «Da Guarda», de esta Capital.

1o.- Ser de ideas politicas de avanzado izquierdismo republicano.

2o.- Ser decidida partidaria de la coeducación que defendió particular y publicamente en conferencias.

3o.- Haber actuado intensamente fuera de la escuela pronunciando conferencias en centros izquierdistas

como Agrupación Femenina Republicana afecta a Izquierda Republicana manteniendo sus doctrinas izquierdistas que sostuvo en conferencias radiadas.

4o.- Haber impreso alguna de sus conferencias que fueron repartidas en varias escuelas nacionales.

5o.- Prohibir que se enseñase a las niñas las grandes gestas bélicas de nuestra historia so pretexto de que provocaban el odio a otros países.

6o.- Descuidar la formación moral de las alumnas dedicando a la pura intrucción y a las obras del ropero y cantinas.

7o.- Ser decidida partidaria del Frente Popular y de tendencias ideológicas comunistoides aunque sin figurar adscrita oficialmente a ninguna organización de ese tipo fuera de la Agrupación Femenina Republicana; pero defendiendo siempre las doctrinas de esas tendencias.

7o.- Descuidar la educación moral de las niñas a las que no daba fundamento sólido para resistir los impulsos primarios de la naturaleza. Por esto dichas niñas sostenían frecuentemente conversaciones obscenas.

8o.- Formar una biblioteca escolar con predominio de autores poco recomendables.

9o.- Invitar a personalidades izquierdistas a visitar la Escuela aprovechando la ocasión para ensalzar su valía ante las niñas presentándoles como benefactores de la humanidad dignos de admiración y gratitud.

10o.- Tener abandonada la disciplina escolar dando más importancia a la labor de relumbrón que a la formación del carácter.

Para contestar, por escrito, a estos cargos se concede a Vd diez días laborables a contar del siguiente a aquel en que le haya sido entregado este oficio. A dicho pliego puede Vd unir la prueba documental que estime conveniente a su defensa, y remitir todo ello por correo o entregarlo personalmente en las oficinas de esta Comisión, Plaza de Galicia, 22 al 27, Inspección de 1ª enseñanza.

Se Advierte a Vd que, si transcurriere el plazo antedicho sin que hubiese efectuado la entrega, ya en correos o en dichas oficinas, continuará la tramitación del expediente.

La Coruña 15 de febrero de 1937 Por la Comisión

El Secretario

Ramón Lamela Cernadas

Prego de cargos contra Don José Ramón Fernández

commons:Portada

GOBIERNO CIVIL
DE LA
PROVINCIA DE LUGO

NEGOCIADO _____

NÚMERO 12

Cargos que resultan contra D. José Ramón Fernández, en el expediente que se incoa por la Comisión C), depuradora del personal del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes de la provincia de Lugo.

PRIMERO: Es Galleguista de cuyo partido político era Presidente en esta localidad.

SEGUNDO: Con dicho carácter y representación ocupó lugar en la Presidencia del mitin pro Estatuto, celebrado en Lugo el día 11 de Junio último.

TERCERO: Tomó parte activa entre los actos públicos de carácter izquierdista, entre ellos el celebrado en Taboada en 7 del mismo mes.

CUARTO: Sancionado en Orense como Maestro excedente, por sus propagandas de política de izquierdas.

Lugo 28 de Diciembre de 1936.
El Secretario,

Beltrán M. Quintana

V2.B2.

El Gobernador, Presidente de la Comisión C).

Bernardo de la Cruz

ACTIVIDADE 1.

ORIENTACIÓN DA ACTIVIDADE

A sublevación militar en 1936, trouxo consigo que centos de mulleres, comprometidas coa legalidade e cos valores cívicos e sociais que representaba a República, foran perseguidas, inhabilitadas, encarceradas, torturadas, violadas, fusiladas ou tiveran que partir cara o exilio, nunha viaxe, para algunhas, sen retorno. Este foi o caso das mestras republicanas, depuradas e sancionadas con castigos exemplarizantes, eliminado de raíz calquera pequena esperanza do mantemento da nova cidadana que sería substituída novamente polo modelo de muller nacional- católica, abnegada nai e esposa, dona do espazo privado.

OBXECTIVOS



- Profundizar na importancia que as mestras tiveron durante a II República, a súa identidade profesional e persoal.
- Visibilizar e por en valor o traballo das mestras durante a República
- Analizar as características de dous sistemas educativos enfrontados e antagónicos: a escola republicana fronte á escola franquista.

DURACIÓN : 1 sesión

MATERIAIS




- Materiais de apoio para o alumnado.
- Internet

PROCEDEMENTO

- Traballo en pequeno grupo.
- Debate.

ORIENTACIÓN METODOLÓXICA



1. Presentación e explicación da actividade a realizar.
2. Facilitar a cada parella a documentación que se anexa á presente unidade como material de apoio para o alumnado.
3. Cada pequeno grupo, deberá realizar unha análise pormenorizada dos mesmos para resolver as seguintes tarefas:
 - Elabora un cadro resumo no que recollades e contrastedes as características de cada un dos sistemas educativos, o establecido durante o período da República e a Ditadura.
 - Achegamosvos nos materiais de apoio a imaxe de dúas aulas, poderíades indicarnos que diferenzas atopades entre elas? a que sistema educativo considerades que pertence cada unha?
 - Analizaremos agora os materiais de traballo empregados en cada caso, atopades algunha diferenza? Argumentade a vosa resposta, para elo poderedes realizar a busca de información complementaria.
 - Realizade unha pequena investigación na procura de mestras que exerceron a súa labor durante a República. Realizade un pequeno resumo bibliográfico para poñer en común. Coñecíades o nome de algunha delas?. En caso negativo, a que considerades que se debe?
4. Para o peche e avaliación das actividades estableceremos un diálogo co alumnado no que se formule de xeito individualizado a seguinte cuestión:
 - Coa realización destas actividades aprendín...

TAREFA 1. INVESTIGADE E RESPOSTADE...

Elabora un cadro resumo no que recollades e contrastedes as características de cada un dos sistemas educativos, o establecido durante o período da República e a Ditadura.

República


Ditadura



TAREFA 2. COMPARADE E RESPOSTADE...



A continuación achegámosvos dúas imaxes de dúas aulas diferentes, poderíades sinalar as diferenzas que atopades entre elas? a que época considerades que pertence cada unha? Xustificade a vosa resposta.





TAREFA 3. COMPARADE E RESPONDADE...



Analizaremos agora os materiais de traballo empregados en cada caso, atopades algunha diferenza? Argumentade a vosa resposta, para elo poderedes realizar a busca de información complementaria.



Los hombres siempre han sentido la necesidad de unirse con otros seres de su especie para ayudarse reciprocamente. Pues bien: la agrupación primera, y a la vez la más fuerte que el hombre ha formado es la familia.

La familia es el conjunto de personas que, ligadas por vínculos de sangre y afecto, viven en un mismo domicilio: padres, hijos y, a veces, abuelos, tíos, primos, etc.

Ahora bien: toda agrupación, para conseguir sus fines, necesita un jefe. El jefe de la familia es el padre. Como tal, trabaja y manda. Trabaja para dar ejemplo y procurar el bienestar de los demás miembros; manda, para que bajo su amorosa auto-

ridad cada cual cumpla su misión: la madre administrando el hogar y los hijos preparándose para una vida moral y materialmente digna.

Los padres siempre quieren lo mejor para sus hijos. Por eso, debemos someternos disciplinadamente a su autoridad y mantener con ellos y con los hermanos perfectas relaciones de respeto, obediencia, amor y cooperación.

Imagen n. 7

Fuente: Álvarez (1964b, p. 624).

agradado, porque en él puse sus esperanzas más firmes.

¡Qué bien nos hemos entendido en otras ocasiones! Yo sé, y ella me entiende y me comprende, que muchos capullos de mujer se han deleitado con mis cuentecillos sencillísimos, con mis ejemplos y moralejas. Esta vez, en que nuevamente me dirijo a vosotras, quisiera también que la tipografía de mi libro os fuera agradable; que, como en otras ocasiones, leyerais y relatarais este libro, aunque le rompierais, aunque le destruyerais de tanto hojearlo...

Por ello he querido crear para vosotras un mundillo que tanto os agrade, porque es vuestro propio mundillo: el de vuestra casa, el de vuestra escuela, el de vuestras amiguitas... el mundillo ideal de las niñas y de los juguetes... Nuevamente hablo para vosotras la escondida vana, el atrevido jilguetillo, el mono astuto y el zorro traidor. De nuevo os habéis el niño, se hará amigo de vosotras. Y también os hablarán los juguetes y las cosas con sus lenguas desconocidas para los mayores, pero que vosotras entendéis muy bien.

¿Lograré mi intento? Lendme con interés, con agrado, y os prometo costaros muy bellas cosas.



FE

Lo primero que hago al despertarme es dar gracias a Dios. Mamá me enseñó

El feminismo

La condición social de la mujer evoluciona satisfactoriamente. Mejora mucho. Su capacidad mental hace resaltar su valía.



Ya no sufren las opresiones conscientes, que la autoridad y las leyes estatúan. Pasaron de la esclavitud al pleno dominio de sus facultades. Desaparece aquella voluntad omnimoda del marido que la privaba de criterio. Ahora son iguales. Sólo quedan rezagados en el progreso feminista estados de Africa, Asia y Oceanía.

En nuestro país desempeñan puestos con la misma actividad e inteligencia que el hombre. Despacha en el comercio, escribe en la oficina, trabaja en el taller, actúa de médico, abogado, dentista, maestra; ejerce cargos políticos, es diputado, director general en ministerios, etc.

La Constitución española establece:

Artículo 25. No podrán ser fundamento de privilegio jurídico: la naturaleza, la filiación, el sexo, la clase social, las ideas políticas ni las creencias religiosas.

Artículo 36. Los ciudadanos de uno y otro sexo, mayores de veintitrés años, tendrán los mismos derechos electorales, conforme determinen las leyes.

Artículo 40. Todos los españoles, sin distinción de sexo, son admisibles a los empleos y cargos públicos según su mérito y capacidad, salvo las incompatibilidades que las leyes señalen.



1 Hazlo sentir en el paraíso

Enseña a tu esposo cómo disfrutar de la vida. Hazlo sentir en el paraíso. Hazlo sentir en el paraíso. Hazlo sentir en el paraíso.

Enseña a tu esposo cómo disfrutar de la vida. Hazlo sentir en el paraíso. Hazlo sentir en el paraíso. Hazlo sentir en el paraíso.



2 Se dulce e interesante

Se dulce e interesante. Se dulce e interesante. Se dulce e interesante. Se dulce e interesante.

Se dulce e interesante. Se dulce e interesante. Se dulce e interesante. Se dulce e interesante.



3 Arregla tu casa

Debe lucir impecable. Debe lucir impecable. Debe lucir impecable. Debe lucir impecable.

Debe lucir impecable. Debe lucir impecable. Debe lucir impecable. Debe lucir impecable.



4 Escúchalo

Escúchalo. Escúchalo. Escúchalo. Escúchalo.

Escúchalo. Escúchalo. Escúchalo. Escúchalo.



5 Hazlo sentir a sus anchas

Hazlo sentir a sus anchas. Hazlo sentir a sus anchas. Hazlo sentir a sus anchas. Hazlo sentir a sus anchas.

Hazlo sentir a sus anchas. Hazlo sentir a sus anchas. Hazlo sentir a sus anchas. Hazlo sentir a sus anchas.



6 Procura verte feliz

Procura verte feliz. Procura verte feliz. Procura verte feliz. Procura verte feliz.

Procura verte feliz. Procura verte feliz. Procura verte feliz. Procura verte feliz.



7 Minimiza el ruido

Minimiza el ruido. Minimiza el ruido. Minimiza el ruido. Minimiza el ruido.

Minimiza el ruido. Minimiza el ruido. Minimiza el ruido. Minimiza el ruido.



8 Ponte en sus zapatos

Ponte en sus zapatos. Ponte en sus zapatos. Ponte en sus zapatos. Ponte en sus zapatos.

Ponte en sus zapatos. Ponte en sus zapatos. Ponte en sus zapatos. Ponte en sus zapatos.



9 No te quejes!

No te quejes! No te quejes! No te quejes! No te quejes!

No te quejes! No te quejes! No te quejes! No te quejes!



10 Una buena esposa siempre sabe cuál es su lugar

Una buena esposa siempre sabe cuál es su lugar. Una buena esposa siempre sabe cuál es su lugar. Una buena esposa siempre sabe cuál es su lugar.

Una buena esposa siempre sabe cuál es su lugar. Una buena esposa siempre sabe cuál es su lugar. Una buena esposa siempre sabe cuál es su lugar.



11 Ten lista la cena

Ten lista la cena. Ten lista la cena. Ten lista la cena. Ten lista la cena.

Ten lista la cena. Ten lista la cena. Ten lista la cena. Ten lista la cena.



12 Prepara a los niños

Prepara a los niños. Prepara a los niños. Prepara a los niños. Prepara a los niños.

Prepara a los niños. Prepara a los niños. Prepara a los niños. Prepara a los niños.



13 Guía de la buena esposa

Guía de la buena esposa. Guía de la buena esposa. Guía de la buena esposa. Guía de la buena esposa.

Guía de la buena esposa. Guía de la buena esposa. Guía de la buena esposa. Guía de la buena esposa.



14 Hazlo sentir en el paraíso

Hazlo sentir en el paraíso. Hazlo sentir en el paraíso. Hazlo sentir en el paraíso. Hazlo sentir en el paraíso.

Hazlo sentir en el paraíso. Hazlo sentir en el paraíso. Hazlo sentir en el paraíso. Hazlo sentir en el paraíso.



15 Se dulce e interesante

Se dulce e interesante. Se dulce e interesante. Se dulce e interesante. Se dulce e interesante.

Se dulce e interesante. Se dulce e interesante. Se dulce e interesante. Se dulce e interesante.



Los tiempos cambian

Caperucita roja ya no le teme al lobo;
ella es lista y él tonto; han cambiado el papel.
Ya no engañan sus patas a pesar del adobo;
no engañan sus patrañas de viejo y bobo:
hoy ya, Caperucita, sabe mucho más que él.
La abuelita le dice con su hablar temeroso:
No juegues con el lobo, que al fin te morderá.
Pero ella le hace un guiño picaresco y gracioso:
pliega los lindos labios con gesto desdeñoso, y con-
No temas, que no se atreverá. [testa:





TAREFA 4. HORA DE INVESTIGAR...



Realizade unha pequena investigación na procura de mestras que exerceron a súa labor durante a República. Realizade un pequeno resumo bibliográfico para poñer en común. Agora en gran grupo imos tentar dar resposta ás seguintes cuestións:

1. Coñecíades o nome de algunha delas?
2. En caso negativo, a que considerades que se debe?

BIBLIOGRAFÍA

- MORALES CABANA, T., Aproximación a la obra pedagógica y social de María Barbeito y Cerviño: (1880/1970), dir. Herminio Barreiro Rodríguez, 1986 (exemplar mecanografado na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago).
- MARCO, A., "A polémica feminista na Galiza: María Vinyals e María Barbeito", en MARCO, A. (coord.), Simposio Muller e Cultura, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago, 1993, p. 87-101.
- PEREIRA MARTÍNEZ, C., Mulleres e República, separata do Anuario Brigantino, Betanzos, nº 21 (1998), p. 274-275 e 282-290.
- MARCO, A., "María Barbeito: diálogo y centros de interés en las aulas", en RETRATOS de maestras. De la segunda república hasta nuestros días, Madrid, Cuadernos de Pedagogía, 2005, p. 43-47.
- Rodríguez da Torre. M: "A repressão franquista na língua galega. A desfeita de uma realidade linguística, cultural e nacional".
- AGULLÓ DÍAZ, Ma del Carmen. 2010. "Ni cultas, ni independientes, ni libres: Maestras represaliadas por el franquismo." Conferencia expuesta en Madrid, en el IV Encuentro de Sindicadas.
- FETE-UGT: Unidade didáctica: " Las maestras de la república"

WEB DE CONSULTA:

Arquivo Dixital de Galicia.
Consello da Cultura Galega.
acorunhadasmulles.gal.